

As Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza na vila de Betanzos (1936-1951)

SARA RODRÍGUEZ PÉREZ*

Sumario

A chegada ao poder do xeneral Francisco Franco Bahamonde como resultado do *Alzamiento Nacional* de 1936 representou para España o comezo dunha nova época. As mudanzas ideolóxicas, organizativas e económicas que tiveron lugar durante a posguerra, atinxiron a todos os aspectos esenciais da vida dos cidadáns, incluíndo a educación. No presente traballo faise unha descrición e análise das mudanzas acontecidas nos anos comprendidos entre 1936 e 1951 nas escolas públicas primarias, atendendo ás características que definiron o sistema educativo no primeiro franquismo para despois coñecer máis de cerca esta realidade rememorando a situación das escolas públicas primarias da vila de Betanzos.

Abstract

The arrival to power of the General Francisco Franco Bahamonde as consequence of the National Uprising in 1936 meant the inception of a different time in Spain. The ideological organization and the economic changes that took place during the post-war affected to all aspects of citizen life, including education. In this essay we find a description and analysis of these changes between 1936 and 1951 in the public schools of primary education. We make an special attention to the characteristics that define the educative system in the first stage of francoism in order to get closer to this reality while recalling the situation in the public education schools in the city of Betanzos.

INTRODUCCIÓN

O presente traballo, de título «*As Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza* na vila de Betanzos (1936-1951)», ten como obxectivo describir e analizar a situación do ensino primario público en Betanzos nos anos comprendidos entre 1936 e 1951 co fin de coñecer como afectou a chegada do franquismo ao ámbito educativo nesta vila.

O levantamento militar do ano 1936 trouxo consigo unha total ruptura cos ideais que agromaran na II República, paralizándo completamente moitas iniciativas e proxectos democráticos que comezaban, moi de vagar, a tirar o pobo de España da escuridade de séculos e séculos de ignorancia e réximes autoritarios.

O sistema educativo, como adoita acontecer, xogou neste caso un papel de vital importancia ao servizo dos diferentes ideais dos gobernos no poder. O valor da escola como instrumento adoutrinador non resultou alleo para os golpistas que, inmediatamente despois de se alzaren coa vitoria, viron nela a oportunidade de aniquilar o labor da República e espallar os principios que debían guiar o réxime que pretendían asentarse en España, ofrecéndolles a ocasión de moldear a mentalidade das novas xeracións de acordo cos dogmas que consideraban pertinentes para a supervivencia, seguridade e continuidade do sistema en cernes.

* Sara Rodríguez Pérez é diplomada e graduada en maxisterio pola USC nas especialidades de Lingua Estranxeira e de Educación Primaria. No 2014 rematou o Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario co traballo de investigación histórica «*As Escuelas Nacionales de Primeira Enseñanza* na vila de Betanzos (1936-1951)» que aquí se publica.

Actualmente, compaxina as súas dúas grandes paixóns, que son a Educación e o seu traballo como cantante profesional.

Así pois, a escola daquel tempo e todo o referente a ela constitúe un legado inestimábel á hora de comprender, analizar e coñecer máis a fondo a natureza deste período tan recente e transcendental da historia de España, no que se encontra a orixe de moitos trazos definitorios do pensamento e do sentir da sociedade actual do país.

Vemos, deste xeito, que o estudo do sistema educativo no franquismo é relevante e está totalmente xustificado desde o punto de vista de varios ámbitos da ciencia aos que atinxe a temática como poden ser a socioloxía, a historia, a psicoloxía ou as ciencias da educación, nas que nos centraremos desta volta.

Canto á delimitación temporal, a selección da etapa de 1936 a 1951, responde á hipótese de que os primeiros anos de implantación dun réxime totalitario como o franquismo son os que mostran máis claramente a ruptura e mudanza ideolóxica respecto da anterior situación política e social.

Alén diso, e atendendo a aspectos máis relacionados coa educación, centrouse o estudo das escolas públicas primarias na fase en que Pedro Sainz Rodríguez e José Ibáñez Martín desempeñaron o seu labor como ministros de Educación Nacional, xa que a chegada ao ministerio de Joaquín Ruiz-Giménez en 1951 trouxo consigo certa apertura e algunhas mudanzas, poñendo fin así á que se pode considerar a etapa máis convulsa da educación no franquismo.

Por outra banda, e en referencia a delimitacións territoriais, encadrando o estudo en Betanzos preténdese pór en relevo a situación da Galiza. Este concello que, pola súa situación xeográfica, congrega en si os trazos do urbano e do rural, constitúe un exemplo aproximado do que puido acontecer en xeral nas escolas da maioría das vilas e parroquias galegas, abrindo así a posibilidade a futuras investigacións que poidan completar ou complementar a presente. A decisión de conceder máis protagonismo ás escolas situadas no casco urbano de Betanzos fronte ás que se atopaban nas diferentes parroquias do concello, ven motivada por constituíren as da vila unha mostra o suficientemente ampla como para dedicarlles a atención desta investigación que, por motivos de espazo, non pode abarcar a totalidade das escolas do concello. Isto non quita de que en futuras indagacións se poida abordar con máis profundidade a situación de todas as escolas de Betanzos durante o franquismo.

As hipóteses establecidas para orientar e concretar o obxectivo do traballo son as seguintes:

-A chegada ao poder do franquismo tivo como consecuencia a ideoloxización do sistema educativo atendendo aos intereses do réxime de adoutrinar á poboación para facilitar o seu control e garantir a pervivencia dos seus ideais.

-Este emprego da ensinanza como ferramenta de control era primordial para o novo goberno que, en cambio, descoidaba aspectos fundamentais da educación como poden ser a construción de escolas, o mantemento dos edificios escolares e a provisión dos colexios co material e o mobiliario necesarios. A vila de Betanzos non era unha excepción e a falta de escolas, de recursos e de material dificultaban o labor dos mestres.

Coa finalidade de cumprir o obxectivo e confirmar ou refutar as hipóteses propostas, o traballo estrutúrase en dous bloques:

-O primeiro deles ten un carácter teórico-descriptivo e céntrase nas diferentes variábeis que definían o ensino na posguerra; servirá para encadrar e comprender mellor o obxecto central do estudo. Este apartado foi construído a través da revisión e análise bibliográfica.

-O segundo bloque céntrase nas escolas do casco urbano de Betanzos, facendo primeiro un pequeno percorrido pola situación política e social da vila e polas outras escolas do concello co fin de examinar o contexto para logo introducirse de cheo na análise do tema central. Para iso levouse a cabo unha investigación documental no Arquivo Municipal de Betanzos, no cal se consultaron todas as seccións que facían referencia á ensinanza primaria pública e privada nos anos de interese para o estudo.

O traballo remata coas pertinentes conclusións e reflexións tiradas da investigación. Analízase neste apartado se se cumpriron o obxectivo e as hipóteses e propóñense futuras liñas de investigación que manteñan relación co tema do traballo e que poidan continuar ou aprofundar no labor comezado neste.

Finalmente inclúense nos anexos algúns documentos que se consideran de interese para a investigación.

1. O SISTEMA EDUCATIVO NA ESPAÑA DE POSGUERRA

Este apartado, de carácter teórico-descriptivo, comprende un repaso polos diferentes aspectos que definían e caracterizaban o sistema educativo español no período englobado entre os anos 1936 e 1951. Ten como finalidade contextualizar e servir de marco para o tema central do estudo, o cal non se podería interpretar debidamente sen analizar primeiro a situación educativa a nivel nacional.

1.1. O Ministerio de Educación Nacional: a súa evolución desde a guerra civil até o nomeamento do ministro Joaquín Ruiz-Giménez

Como apunta Peralta Ortiz (2012), desde o golpe militar a mediados de xullo de 1936, o bando nacional mostrou un claro interese por tentar exhibir de cara a outros países unha face de normalidade, o que o levou a manter a rutina escolar e o case continuo funcionamento das escolas. Aproveitaron, así mesmo, esta etapa de guerra, para ir substituíndo os principios republicanos que guiaban as escolas (as cales tiñan sido modernizadas e europeizadas) pola nova educación nacional, baseada no ideario franquista (Gervilla Castillo, 1990).

1.1.1. A Comisión de Cultura e Ensinanza de la Junta Técnica del Estado

A administración educativa dependerá nos dous primeiros meses posteriores ao levantamento da *Junta de Defensa Nacional*, creada o 24 de xullo de 1936, e máis tarde da *Junta Técnica del Estado*, creada no artigo nº1 da Lei do 1 de outubro de 1936. Dentro dela a *Comisión de Cultura y Enseñanza*, con funcións de ministerio e baixo a presidencia de José María Pemán, ocupárase especialmente das cuestións educativas. Segundo Peralta Ortiz (2012), nos dous primeiros meses de funcionamento desta, xa apareceron algunhas directrices ben significativas que virían ser o adianto dos ideais que estarían sempre presentes na escola franquista. Algúns destes temas eran a depuración dos mestres, dos libros e do material escolar, a exaltación do patriotismo, a prohibición da coeducación e a obrigatoriedade da ensinanza da relixión e da historia sagrada.

Unha das primeiras medidas adoptadas, en novembro de 1936, é a disolución dos *Consejos Provinciales* que funcionaban na República e a consecuente aceptación das funcións que lles correspondían a estes por parte dos reitores universitarios. A colaboración dos gobernadores e alcaldes, como presidentes das *Comisiones Provinciales*, sería de vital importancia para manter informado ao *Rectorado* do correcto funcionamento das



Imaxe 1: O ministro de Educación Nacional Pedro Sainz Rodríguez.

escolas. Eles debían encargarse tamén, segundo a Orde do 19 de agosto de 1936, de revelar calquera manifestación sospeitosa por parte dos mestres e de designar, coa maior dilixencia posíbel, interinos para as prazas nas que o mestre non se fose presentar, co fin de que as escolas estivesen en funcionamento novamente desde o 1 de setembro.

1.1.2. O Ministerio de Educación Nacional de Pedro Sainz Rodríguez

Xa en xaneiro de 1938 a *Administración Oficial del Estado* organizase en departamentos ministeriais e o *Ministerio de Instrucción Pública* pasa a denominarse Ministerio de Educación Nacional. O día 31 do mesmo mes noméase a Pedro Sainz Rodríguez como ministro. Sostén Cámara Villar (1984) que o novo ministerio dedícase a continuar o labor desempeñado pola *Comisión de Cultura y Enseñanza*, intensificando o proceso depurativo do

persoal docente e concretando as bases políticas, ideolóxicas e relixiosas ás que tería de axustarse o sistema educativo.

Morente Valero (1997:29) descríbennos a traxectoria de Sainz Rodríguez e a súa filiación política até o nomeamento como ministro:

El Ministerio de Educación Nacional (nuevo nombre de Instrucción Pública y Bellas Artes) recayó en Pedro Sainz Rodríguez, historiador, catedrático de universidad y antiguo adversario de la dictadura, pero que, desde los inicios de la República, se había significado como uno de los más conspicuos miembros de la extrema derecha alfonsina; diputado en las tres legislaturas republicanas, fue uno de los principales animadores del grupo Acción Española, y un aplicado conspirador antirrepublicano.

Segundo Gervilla Castillo (1990), algunhas das ideas que formaban parte da ideoloxía de Sainz Rodríguez eran:

- A necesaria loita contra o liberalismo e o marxismo.
- A oposición ao monopolio educativo e á liberdade de ensinanza.
- A persecución da escola laica.
- O dirixismo pedagóxico: consideración de que o home é malo por natureza, por tanto debe ser orientado pola educación co fin de acadar metas predeterminadas.

Ademais, baixo o seu mandato anulouse o poder dos Reitores e as obrigacións destes pasaron a ser competencia da *Jefatura del Servicio Nacional de Primeira Enseñanza*.

1.1.3. Tomás Domínguez Arévalo, Ministro interino

Despois da dimisión de Pedro Sainz Rodríguez (que só aceptara o cargo até a fin da guerra) en 1939, Tomás Domínguez Arévalo (ministro de Xustiza até ese momento) pasa a encargarse como ministro interino do *Ministerio de Educación Nacional* na paréntese comprendida entre os meses de abril e agosto dese mesmo ano. Explica Cámara Villar (1984), que a política educativa deste non gardaba diferenzas significativas respecto á aplicada polos anteriores ministros. Algunhas das novas ordes provenientes do Ministerio nesta época foron:

-A celebración obrigatoria do mes de María nos centros e de conferencias patrióticas.

-A creación do *Patronato de Cultura Popular* en substitución do *Patronato de las Misiones Pedagógicas*.

-A reorganización do *Museo Pedagógico* atendendo ao ideario do réxime.

-A creación de *Juntas Provinciales de Primera Enseñanza* e de *Juntas Municipales y Locales*.



Imaxe 2: José Ibáñez Martín.

1.1.4. O Ministerio de Educación Nacional de José Ibáñez Martín

En agosto de 1939 fórmase o *Segundo Gobierno de Franco* e a carteira de Educación Nacional pasa a mans de José Ibáñez Martín, catedrático universitario de xeografía e historia e militante de *Falange*. O novo ministro mantíña con todas as forzas vencedoras unha boa relación e soubo compaxinar a influencia da Igrexa e da *Falange*, reducindo os conflitos entre estes. Cámara Villar (1984: 110), fálanos del nos seguintes termos:

Ibáñez sabía conjugar con habilidad las pretensiones y demandas de ambos sectores y seguir profundizando en la política pro-ecclesial, a pesar de todo, en un momento en que, en este ámbito como en otros muchos, los diversos intereses de la Iglesia Católica estaban ya considerablemente arraigados y satisfechos.

Morente Valero (1997:110) relátanos o desenvolvemento profesional e político de Ibáñez Martín:

Ibáñez Martín procedía, al igual que Sainz Rodríguez, de las filas monárquicas, si bien sus trayectorias políticas habían sido bastante diferentes. Mientras Sainz se opuso – aunque solo fuese firmando manifiestos – a la Dictadura, Ibáñez Martín fue miembro de Unión Patriótica, teniente de alcalde del Ayuntamiento de Murcia, y presidente de la Diputación Provincial. Procedía también (otro más entre los responsables de la educación nacional) de la Asociación Nacional de Propagandistas (fue secretario del centro de Murcia entre 1924 y 1928); en 1928 obtuvo la cátedra de Geografía e Historia del Instituto San Isidro de Madrid y, en los comienzos de la República, participó en la creación de Acción Nacional, siendo miembro de su dirección política, y resultando elegido diputado en Cortes por Murcia en las listas de la C.E.D.A. en las elecciones de 1933. También fue miembro del grupo Acción Española, e incluso pasó algunos meses en la cárcel tras la *Sanjurjada*.

Durante o mandato de José Ibáñez Martín institúense novos organismos dentro do Ministerio. É o caso do *Consejo Superior de Investigaciones Científicas*, creado o 24 de novembro de 1939, e do *Instituto de Pedagogía San José de Calasanz*, fundado o 29 de marzo do mesmo ano para substituír ao *Museo Pedagógico Nacional* e coa función de investigar en historia da educación, organización escolar e métodos pedagóxicos (Peralta Ortiz, 2012).

Xa no 1940 xorde, o 13 de agosto, o *Consejo Nacional de Educación*. Tratábase dun organismo central de carácter consultivo do Ministerio con función técnica e asesora e encargado de organizar e supervisar os distintos *Consejos* a nivel local ou universitario.

En xullo de 1945 concréntanse os proxectos iniciados por Sainz Rodríguez e continuados por Ibáñez Martín na *Ley de Educación Primaria*. Segundo Puelles Benítez (2010), esta reunía todos os grandes temas propios do nacional-catolicismo, con especial atención aos dereitos da familia, e rexíase fundamentalmente por principios relixiosos, outorgándolle un poder moi significativo á Igrexa en relación á creación de escolas de ensinanza primaria. Respecto a esta grande influencia da Igrexa na *Ley de 1945*, Palacio e Ruiz (1993:69) explican que:

La ley de Enseñanza Primaria de 1945 vino a consolidar la política de protección de la escuela privada, esencialmente católica, concediendo a la Iglesia la posibilidad de crear escuelas y de inspeccionar los centros tanto públicos como privados en cuestiones de moralidad y costumbres, así como de organizar la enseñanza en sus aspectos didáctico y administrativo.

Por outra banda, e para evitar conflitos coa Igrexa polo control da educación, a formación cívica, política e física en todos os contidos da ensinanza quedou en mans da *Falange*. Palacio e Ruiz (1993:29) fálannos dos cometidos desta:

Junto a la Iglesia, en el reparto de poderes, la Falange asumió determinadas competencias en la enseñanza de materias como la Educación Política, Física y Deportiva de los jóvenes y en lo relativo al ocio y actividades extraescolares, tomando a su cargo también la dirección ideológica del total de la sociedad, a través del control de prensa y propaganda, dirigiendo y controlando cualquier manifestación al margen de la escuela.

1.1.5. O Ministerio de Joaquín Ruiz-Giménez: pequenas mostras de apertura

O 19 de xullo de 1951 José Ibáñez Martín era cesado no seu cargo e substituído por Joaquín Ruiz-Giménez Cortés. Segundo Gervilla Castillo (1990), o novo ministro tiña un talante máis aberto, liberal e progresista que os seus predecesores. Destaca Puelles Benítez (2010) que baixo o mandato de Ruiz-Giménez tivo lugar un brote de flexibilidade e unha diminución do nacionalismo exaltado, aínda que se mantivese a confesionalidade da ensinanza. Ademais, coa chegada deste novo ministro reactivouse a creación de escolas coa *Ley de Construcciones Escolares* de 1953 (Escolano Benito, 2006). Puelles Benítez (2002:338) fálanos da política educativa de Ruíz Giménez e das mudanzas acontecidas durante o seu ministerio:



Imaxe 3: Joaquín Ruiz-Giménez en 1959.

El periodo de 1951-1956 ha sido considerado la primera apertura del régimen, si bien frustrada, obra de Joaquín Ruiz Giménez, ministro de Educación Nacional durate esos años. Se trata ahora de sustituir una política de uniformidad cultural, basada en los viejos patrones del nacionalcatolicismo, por otra más permeable a mentalidades y tendencias europeas y modernas. No debe entenderse con ello, sin embargo, que se tratara de desplazar, de dejar de lado al viejo nacionalcatolicismo, sino de temperarlo y modernizarlo, o, en otras palabras, de buscar una síntesis entre lo que Ruiz Giménez consideraba los mejores ideales del Movimiento, procedentes en parte de la llamada «Falange liberal», y un catolicismo más abierto.

1.2. A organización escolar

Durante os anos de guerra foi difícil lograr unha normalización da situación escolar. A causa da situación excepcional e da falla dunha normativa xeral previa, o novo réxime viuse obrigado a ir lexislando día a día, segundo as dificultades e circunstancias que ían xurdindo (Peralta Ortiz, 2012).

Na época en que a educación estaba a cargo da *Comisión de Cultura y Enseñanza* non se estipulou ningún currículo. A maioría das decisións foron tomadas atendendo sempre á exaltación da formación relixiosa e patriótica. Deste xeito, dispúxose que todas as escolas fosen dotadas con un *Libro de España*, o cal se trataba dun compendio sobre a historia, o carácter e os costumes españois que debía servir como guía ao mestre para transmitir o fervor patriótico.

Tamén se atoparon con moitos problemas debido á grande escaseza de mestres, que eran insuficientes por causa das baixas na guerra e do estrito proceso depurativo comezado contra eles. Este dilema foi solucionado, como explica Peralta Ortiz (2012), na Orde do 15 de xullo de 1939. Esta dispoñía que as prazas de mestre en poboacións de cincocentos habitantes ou menos poderían ser rexentadas por sacerdotes. Deste xeito foi remediada a cuestión ao mesmo tempo que aforraban en salarios, pois o sacerdote cobraba dúas mil pesetas anuais mentres que o mestre cobraba catro mil.

Xa en 1938, a Circular do 5 de marzo será a única disposición pola que se poidan guiar os mestres até a promulgación da *Ley de Educación Primaria de 1945*. Esta circular dispoñía que o labor educativo se debía asentir sobre catro piares básicos: a educación relixiosa, a educación cívica, a educación patriótica e a educación física.

Nese mesmo ano elaboráronse os programas escolares adaptados ao medio rural que tiñan en conta as características do entorno para fixar os contidos e a metodoloxía. Deste xeito, a ensinanza agrícola foi o eixe central destes programas co obxectivo de impulsar o desenvolvemento económico das zonas rurais. Tamén se establecía a tipoloxía das escolas do rural, que era a seguinte:

- Unitarias mixtas: comprendían alumnos de todas as idades e de ambos sexos.
- Unitarias de nenos: alumnos de todas as idades de sexo masculino.
- Unitarias de nenas: alumnas de todas as idades de sexo feminino.
- Graduadas incompletas de nenos: nelas se dividía aos alumnos masculinos por idade, mais non contaban con todos os niveis da educación primaria.
- Graduadas incompletas de nenas: o mesmo caso aplicado ás nenas.
- Graduadas completas de nenos: dividían aos alumnos por idade e contaban con todos os niveis para completar a educación primaria.
- Graduadas completas de nenas: o mesmo caso que a anterior mais aplicado só a alumnas.

Coa *Ley del 6 de diciembre de 1940* creábase o *Frente de Juventudes*, unha sección da *Falange* que tería de encargarse de adoutrinar aos xoves españois segundo os principios do *Movimiento Nacional*. Como explica Peralta Ortiz (2012), outras funcións que se lle asignaron foron a



Imaxe 4: Cartel de 1936 das organizacións xuveniles vinculadas á Falange.

organización de colonias de verán, a educación física nas escolas e a vixilancia e cumprimento das consignas do *Movimiento*. Ademais, todos os alumnos de primeira e segunda ensinanza de centros públicos ou privados tiñan a obrigaón de pertencer a esta organización.

No 1945, coa promulgación da *Ley de Educación Primaria*, aparecen por primeira vez os Grupos Escolares, que tiñan unha organización máis complexa e estaban dotados con un maior número de unidades. Alén diso, xorden as *Escuelas Hogares* para os núcleos de escasa poboación.

Cámara Villar (1984) expón que os distintos niveis educativos foron delimitados individualmente, cada un deles con obxectivos propios, aínda que en todos os graos se procuraba, mediante a ideoloxización dos máis novos, contribuír para a permanencia e reprodución do réxime político. A instrución técnica carecía de importancia para o *Movimiento*. Isto reflíctese nos obxectivos xerais fixados pola *Ley de 1945*:

-Proporcionar unha cultura xeral obrigatoria e formar a vontade, a conciencia e o carácter do neno de acordo cos ideais do réxime.

-Infundir no espírito do alumno a lealdade e o servizo á Patria.

-Orientar profesionalmente para a vida do traballo agrícola, industrial e comercial.

Peralta Ortiz (2012) concreta que os niveis educativos establecidos pola *Ley de 1945* eran os seguintes:

Idade	Nivel educativo
1	PERÍODO DE INICIACIÓN. Escolas maternais
2	
3	
4	Escolas de párvulos
5	
6	PERÍODO DE ENSINANZA ELEMENTAL.
7	
8	
9	PERÍODO DE PERFECCIONAMENTO.
10	
11	
12	PERÍODO DE INICIACIÓN PROFESIONAL.
13	
14	
15	

Canto ás materias de ensinanza no nivel elemental, Peralta Ortiz (2012) establece que foron organizadas do seguinte xeito:

Instrumentais	Lectura interpretativa	
	Expresión gráfica	
Formativas	Cálculo	
	Formación relixiosa	Lingua nacional
	Formación do espírito nacional	
Formación intelectual	Matemáticas	
Complementarias	Educación física	Ximnasia
		Deportes
		Xogos dirixidos
	Iniciación nas ciencias da natureza	
	Música, canto e debuxo	
	Traballos manuais, prácticas de taller, labores femininas.	

1.3. As aulas no primeiro franquismo

Durante os anos nos que se centra o estudo, as aulas foron mostra dos intereses que rexían os actos do réxime, centrándose este en propagar as súas consignas a través do sistema educativo. Así pois, neste punto preténdese afondar nos aspectos e características que definiron a educación daquel tempo tendo en conta os variados temas que a continuación se expoñen.

1.3.1. A influencia relixiosa, o patriotismo e o tradicionalismo: o nacional-catolicismo nas aulas

Desde o alzamento de 1936, o totalitarismo político sería imposto en España polo bando nacional. Sostén Puelles Benítez (2010), que as características principais deste eran:

- Exaltación do Estado.
 - Antiparlamentalismo e antiliberalismo.
 - Exaltación da figura do Caudillo, na que converxen todos os poderes.
 - Proclamación dunha verdade oficial do Estado.
 - Configurar un patrimonio único a través do decreto de unificación de 1937.
 - Configuración dunha elite política que constituirá a liña de mando.
 - Control dos medios de comunicación de socialización (entre os que cabe destacar a escola.)
- Cámara Villar (1984:43) recolle nas súas palabras a situación política do momento:

Católicos, monárquicos y tradicionalistas acopiaron su fervoroso españolismo, su mística del imperio, y sus tesis de la Anti-España (comunismo – masonería – separatismo). Falangistas y fascistas aportan la idea del partido único, gerarquía, corporativismo fascista, democracia orgánica, caudillismo, sindicato vertical y tercerismo utópico (ni capitalismo, ni comunismo). Finalmente, los partidos y grupos católicos aportan los elementos religiosos, las tesis de la armonía social y el equilibrio de clases y su corporativismo católico en el que juega un papel decisivo la concepción de la familia.

Segundo este mesmo autor, os argumentos básicos desta unión ideolóxica eran:

- Fronte á dispersión do separatismo, unidade e totalidade.
- O Século de Ouro español como ideal a imitar: autoridade, aristocracismo, disciplina, violencia, deberes fronte a dereitos e valores relixiosos e militares.
- Nacional-catolicismo como identidade.
- Negación da liberdade, da igualdade, da democracia, dos dereitos do home, da revolución, da burguesía, do capitalismo e do liberalismo.
- Represión das ideoloxías contrarias ao seu ideario.

Pola súa parte, a Igrexa pretendía recuperar o poder perdido durante a II República, o que a levou a participar activamente na Guerra Civil apoiando ao bando vencedor e lexitimando moralmente o alzamento na declaración colectiva do episcopado español en 1937. O novo réxime devolveulle este favor derogando a lexislación republicana antieclesiástica, proporcionándolle vantaxes económicas e restaurándolle o papel de institución reguladora dos valores, o que lle concedeu poder sobre a educación (Puelles Benítez, 2010).

Deste xeito, a educación promovida desde o bando nacional vitorioso comprendía tanto os valores que definían o seu ideario político como a relixiosidade e o catolicismo que impoñía a Igrexa na súa ostentación de poder sobre as escolas. A educación pasa a estar totalmente politizada e é entendida polo novo goberno como un asunto cuxa competencia corresponde a toda a sociedade, intervindo somentes o Estado como guía neste labor

Canto ao poder da Igrexa sobre a escola, Gervilla Castillo (1990) establece que as repercusións educativas da adhesión do sistema eclesiástico ao alzamento nacional foron:

- Destrución de todo o creado durante o período republicano.
- Configuración dos contidos ideolóxicos do novo réxime en íntima colaboración coa Igrexa.
- Aplicación dos contidos máis integristas da fe católica como obxecto de estudo de catecismos e libros escolares.
- Inspección por parte da Igrexa de todos os centros e niveis.
- Adoutramento respecto da concepción do comunismo como inimigo acérrimo dos valores a seguir.
- Unha escola xerárquico-autoritaria na que o pluralismo é imposible. Non existe lugar para a creatividade.

Xa desde 1936 queda clara a nova orientación educativa imposta polo goberno de Franco e mostra disto son as Ordes Ministeriais do 21 de setembro e 9 de decembro deste ano, nas que se dispón a obrigatoriedade da ensinanza da doutrina cristiá e da historia sagrada e a recepción dos santos sacramentos para os nenos (Puelles Benítez, 2010).

No 1937, como explica Gervilla Castillo (1990), establécese a obriga de que en todas as escolas estea presente a imaxe dunha virxe (preferibelmente a da Inmaculada Concepción) e ordénase o exercicio do mes de María ante esta imaxe. Alén diso, mentres durase a guerra, os mestres debían facer todos os días unha invocación á virxe rogándolle polo feliz fin da contenda.

En anos seguintes, a circular do 5 de maio de 1938 que fai referencia ao currículo da ensinanza primaria mostra que, alén das horas semanais que son dedicadas á educación relixiosa na escola, os nenos deben ser educados nun ambiente cristián que os forme como cidadáns de ben. Sinálanse os seguintes medios para acadar este obxectivo:

- Obrigatoriedade de asistencia a misa co mestre.
- Lectura e explicación do evanxeo cada domingo.
- Aproveitamento das lecturas sobre calquera tema para extraer a ensinanzas morais e relixiosas.
- A educación social da Igrexa contida nas Encíclicas *Rerum Novarum* e *Quadragésimo Anno* (Peralta Ortiz, 2012).



Imaxe 5: Portada de *El muchacho español* de José María Salaverría.

López Bausela (2011:165) fálanos da importancia que se lle concede á relixión nos seguintes termos:

La metodología propuesta para alcanzar tan ambicioso objetivo abarca desde la lectura del Evangelio hasta la asistencia obligatoria de niños y maestro a misa en los días de precepto, recalando en las encíclicas *Rerum Novarum* y *Cuadragésimo Anno*, cuyo contenido ha de servir a los maestros para inculcar en los niños la idea del amor y confraternidad social hasta hacer desaparecer el ciego odio materialista, disolvente de toda civilización y cultura.

Tamén se fai referencia nesta circular á educación patriótica e resáltase nela a relevancia da ensinanza da historia como medio para cultivar o patriotismo. O coñecemento de todo o español debe ter como finalidade inculcar o amor a España e o mestre debe valerse de todos os medios posíbeis (cantos populares e patrióticos, biografías de persoeiros destacados, xornais, acontecementos do momento etc.) para lograr

sementar o nacionalismo español nas novas xeracións. Recoméndanse, así mesmo, aos mestres lecturas como *El muchacho español* de José María Salaverría e a organización de festas escolares que poñan de relevo algunhas figuras nacionais de referencia para o réxime como Calvo Sotelo ou José Antonio Primo de Rivera (Peralta Ortiz, 2012).

Canto á educación cívica, a circular de 1938 comeza a concretar o que máis tarde virá a ser a educación política. O obxectivo principal desta é que o neno perciba que o sacrificio, a loita, a disciplina e a austeridade deben ser a guía dunha vida exemplar.

Establécese a obrigatoriedade de izar a bandeira nacional todos os días na escola mentres se canta o himno. Co fin de que a inspección puidese revisar se se levaban a cabo estas tarefas, as alumnos debían facer exercicios escritos e ilustrados nos seus cadernos de traballo.

Despois de izar as bandeiras, concretan Palacio e Ruiz (1993), explicábase a consigna semanal (que permanecía anotada na taboleiro durante toda a semana e servía para sintetizar as ensinanzas prácticas en relación coas leccións de formación político-social) e rezábanse as oracións matutinas. O Caudillo debía ter un retrato en todas as salas da escola e nos domingos e festivos a figura da bandeira luciría no balcón.

Ademais, tamén eran obrigatorias outras actividades como:

- Educación física: xogos, ximnasia e nocións premilitares todos os días durante media hora.
- Formación político-social: polo menos durante unha hora á semana.
- Elaboración de xornais murais e estudo de leccións conmemorativas e cantos: dúas horas á semana.

As palabras de López Bausela (2011:166) son ben esclarecedoras respecto do papel da ensinanza cívica na circular do 5 de maio de 1938:

La educación cívica, por su parte, procurará que el niño perciba que la vida es milicia, o sea, sacrificio, disciplina, lucha y austeridad». Arriar e izar la bandera todos los días lectivos, entonar el himno nacional, la presencia de la enseña nacional ondeando en las escuelas domingos y festivos, el retrato del general Franco presidiendo las aulas junto al crucifijo y la elaboración diaria de un ejercicio escrito e ilustrado de un tema religioso, patriótico o cívico constituirán algunas de las actividades y manifestaciones externas más representativas del ámbito de una educación cívica que no olvida hacer una clara distinción de sexos, ordenando que en las escuelas de niñas brille la feminidad más rotunda, procurando las maestras, con labores y enseñanzas propias del hogar, dar carácter a sus escuelas, tendiendo a una contribución práctica a favor de nuestro glorioso ejército.

Como deducimos deste texto, a educación feminina era totalmente diferente da masculina e os obxectivos dunha e doutra diferían notabelmente. Sostén Gervilla Castillo (1990), que as escolas femininas cumprían unha función aínda máis ideolóxica que as masculinas, pois se encargaban de preparar ás nenas para a súa futura vida familiar (como nais e esposas), inculcándolles valores relixiosos, morais e patrióticos. A consecuencia



Imaxe 6: Sala de aulas nos anos do franquismo cos retratos de Franco e Primo de Rivera e o crucifixo.



Imaxe 7: Cartel franquista contra os inimigos do réxime.

disto foi que a ideoloxía machista era implantada na actitude das alumnas que acababan dependendo totalmente do home e sendo excluídas de toda participación social.

Canto ao tema das múltiples identidades nacionais, o novo goberno tamén era tallante ao respecto. A defensa da unidade de España e do nacionalismo español como única posibilidade tamén se reflectía na escola de aquel tempo. Costa Rico (2004:1070) explícanos a situación nos seguintes termos:

A proclamación do nacionalismo español fronte ao «separatismo»; o nacional identificado co católico, coa conseguinte sacralización xerárquico-autoritaria da vida social; e a visión corporativa da sociedade, trasladábanse á visión dunha escola «netamente española», illada do conxunto de influencias renovadoras sentidas anteriormente na educación.

Así pois, calquera manifestación cultural ou lingüística diferentes das españolas eran consideradas prexudiciais e ameazadoras para a unidade de España e, por conseguinte, foron eliminadas sistematicamente da vida oficial (inclusive a escolar) aínda que en moitos fogares se continuasen a empregar as distintas linguas propias dun xeito exclusivamente oral e privado.

O caso galego non era unha excepción. Na Galiza comezou unha forte represión contra a cultura propia, prohibindo nas escolas o emprego do galego e reducindo as manifestacións culturais só ao folclore máis inxenuo, no que os novos gobernantes non vían unha ameaza para a integridade do seu réxime. Esta situación de bloqueo intelectual e cultural derivou co decorrer do tempo nunha autoxenreira que centraba o seu desprezo no propio e xenuinamente galego. Costa Rico (2004: 1071) descríbennos este proceso:

Entre tanto aos poucos íase instalando na conciencia dos galego-falantes, a inmensa maioría da poboación, o sentimento de dúbida ante o posíbel valor do galego, falado pero non escrito, falado pero sen norma culta, moi rico lexicamente para as referencias do mundo agro-mariñeiro, pero expresivamente pobre ante as novas referencias urbana e científicas. Un sentimento de dúbida, avivado por prexuízos e polo desprestixio social do galego, o que a miúdo chegaba a transformarse en complexo de inferioridade social e cultural.

Así pois, a escola daquel período constituía unha fonte de reprodución ideolóxica moi valiosa que o novo réxime centrou en expandir o ideario que o definía, o cal estaba formado por catro piares básicos que se deducen de todo o exposto até o momento: catolicismo, nacionalismo español, tradicionalismo e totalitarismo.

O verdadeiro obxectivo da escolarización, que debe ser a procura da aprendizaxe dos alumnos nos diferentes eidos do saber e a preparación destes para a vida, quedou relegado a un segundo plano perante os intereses políticos e a obsesión dos diferentes poderes dominantes (axuntados todos no que se veu denominar nacional-catolicismo) de controlar e homoxeneizar ás novas xeracións baixo os seus dogmas.

1.3.2. Os mestres: o proceso depurativo

Desde os primeiros meses de guerra comeza por parte do bando nacional o desmantelamento sistemático da obra educativa republicana. Este proceso centrouse en varios obxectivos como os libros de texto, o material didáctico ou as bibliotecas. Mais as verdadeiras vítimas desta causa foron os docentes e, incluso, os alumnos de maxisterio. O novo goberno vía neles un potencial inimigo, pois de non seren afíns ao réxime podían encargarse de espallar ideas revolucionarias que prendesen nas novas xeracións. Sostiñan que o sector docente estaba monopolizado por ideoloxías e institucións disolventes en aberta oposición ás tradicións nacionais que convida erradicar para afastar dos nenos ideas da *Institución Libre de Enseñanza* que consideraban anárquicas e antipatrióticas.

Puelles Benítez (2010) define a depuración como un proceso que atinxiu a todo o profesorado, que á forza tiña que probar a súa hostilidade contra a República. Alén disto sufrían exames e cursos de orientación profesional para seren capaces de inculcar nos alumnos o espírito nacional.

A persecución dos mestres comeza coa Orde do 19 de agosto de 1936, na cal se establecían as normas de depuración. Nela dispoñíase que os alcaldes debían ser os encargados de manter informado ao *Rectorado* acerca das orientacións dos docentes do seu concello. De existir algunha manifestación sospeitosa por parte destes, os reitores debían encargarse de substituílos por interinos. Este procedemento debía ser feito o máis rapidamente posíbel para que as aulas puidesen retomarse o día 1 de setembro (Peralta Ortiz, 2012).

É de resaltar que o método elixido non foi en absoluto efectivo, pois algúns alcaldes informaban dunha forma subxectiva, acusando de esquerdistas a mestres que en realidade eran conservadores e encubriendo a outros que verdadeiramente tiñan tendencias de esquerda.

Canto ás sancións dos mestres, existían diferentes graos atendendo ao contido dos informes:

-Informes totalmente desfavorábeis: se se informaba de que o mestre tiña unha conduta amoral e antipatriótica, este era inmediatamente suspendido de emprego e salario e o seu nome facíase público a través do *BOE*.

-Informes dubidosos: o *Rectorado* debía interrogar aos veciños co fin de obter información esclarecedora. Se as respostas obtidas eran desfavorábeis, o castigo era o mesmo que o do anterior grupo exposto e se a dúbida persistía o reitor podía suspendelo de emprego e salario de un a tres meses ou de emprego e medio salario até seis.

-Informes favorábeis: os mestres quedaban ratificados no seu cargo.

Seguindo a Peralta Ortiz (2012), coa constitución da *Comisión de Cultura y Enseñanza* o 1 de outubro de 1936 a depuración afinouse e os motivos de sanción pasaron a ser máis concretos (como, por exemplo, ter pertencido ou simpatizado con algún dos partidos que formaban o *Frente Popular*).

As sancións impostas con anterioridade polos reitores consideráronse provisionais e foron revisadas polas comisións, que eran constituídas en cada provincia con este fin. As comisións estaban formadas por un director de instituto de segunda ensinanza, un inspector de primeira ensinanza, o presidente da *Asociación de Padres de Familia* e dúas persoas consideradas de máxima confianza e de moralidade incuestionábel.

Estas comisións víronse comprometidas nun arduo traballo, pois cada vez que unha nova zona quedaba anexionada ao territorio nacional todos os mestres desta eran suspendidos de emprego e salario até que fosen revisados os seus expedientes. Podían ser propostos dous tipos de sanción, ben o traslado para os que tivesen simpatizado con partidos nacionalistas ou a separación definitiva do cargo para os que tivesen militado ou

simpatizado coa *Frente Popular*. Tamén se consideraba razón de sanción a pasividade perante o conflito dos que podían terse posicionado e colaborado co bando nacional (Cámara Villar, 1984).

As comisións dependían así mesmo da *Oficina Técnico-Administrativa* (creada para acelerar o proceso), pola que pasaban todos os expedientes dos mestres do estado. Todas as decisións das comisións depuratoras eran revisadas pola *Oficina Técnico-Administrativa*, que en moitas ocasións tiña de chamar a atención a este organismos por excederse nas súas funcións e suspender a mestres de emprego e salario sen que fose ditado polo ministerio (Peralta Ortiz, 2012).

O 22 de xaneiro de 1938 sae unha Orde que contempla a posibilidade de que os mestres que tivesen perdido o dereito á súa praza por causas non graves puidesen recobralo. Isto é facilmente explicábel, pois a escaseza de mestres despois da grande purga fixo que o réxime tivese que moderar as súas medidas se quería cubrir as prazas vacantes.

Alén do proceso depurativo, o novo goberno tomou outras medidas para asegurarse de que os mestres do estado estivesen sobradamente formados para poder inculcar con efectividade o ideario nacional nos alumnos. Deste xeito organizanse cursos de formación para aqueles docentes que tiñan sido considerados idóneos. Segundo a Orde do 17 de xullo de 1937, estes cursos terían lugar en cada capital de provincia durante as vacacións estivais. Estarían organizados polos reitores, que seleccionarían a catro profesores para impartilos.

A asistencia a estes cursos non era obrigatoria, aínda que se consideraba un importante mérito profesional. Os temas centrais ao redor dos cales se organizaba o temario eran a relixión, a patria, o home e o mestre e o obxectivo principal, alén de preparar aos docentes, era propiciar unha educación contraria á levada a cabo pola *Institución Libre de Enseñanza* durante a República.

1.3.3. A Inspección de Primeira Enseñanza

A depuración no ámbito educativo foi un proceso complexo que non só afectou aos mestres. Os inspectores de primeira ensinanza tamén se viron envoltos nesta purga sistemática e moitos deles foron afastados dos postos que viñan desempeñando até a guerra. Peralta Ortiz (2012) apunta que foron consecuencia disto a multitude de prazas vacantes que levaron ao novo goberno a nomear inspectores provisionais cuxo expediente estivese libre de toda sospeita.

A función destes novos inspectores tiña un dobre carácter que consistía en orientar aos mestres a cerca das dúbidas que puidesen xurdir e, sobre todo, en relación ás boas prácticas relixiosas e patrióticas e tamén en manter informado ao Ministerio, vixiando así que se cumprisen todas as obrigacións escolares e se seguisen as consignas do réxime.

Establecéronse unhas normas concretas para as funcións da inspección:

- Facer un mínimo de 100 días de visitas ao ano.
- Elaborar un roteiro de visitas de modo que todas as escolas fosen visitadas polo menos unha vez no curso.
- Exaltar o espírito patriótico e relixioso durante as visitas.
- Implantar o caderno de clase, que recollía o labor diario dos alumnos, e o caderno de rotación, no que se tomaba nota da significación das datas relixiosas, da biografía dos heroes da patria e da conmemoración das festividadeas relixiosas. Os mestre tamén debían escribir un caderno de preparación das leccións atendendo aos consellos do inspector
- Fomentar a práctica de traballos manuais como a carpintería, a arboricultura...

-Vixiar que se eduque correctamente á muller de cara ao seu futuro como ama de casa e fomentar na educación feminina os labores do fogar como a costura, a xardinería etc.

A reforma da inspección demorará varios anos en completarse. Aínda que no 1942 se constitúe a *Inspección General de Primera Enseñanza* non se acaban de concretar as súas atribucións e o seu funcionamento dentro do mecanismo da Administración. Deste xeito a provisionalidade e as deficiencias no funcionamento da inspección permanecerán até a *Ley de Educación Primaria de 1945*.

1.3.4. Os libros e o material escolar

Coa vitoria e chegada ao poder do bando nacional, foron retirados das escolas boa parte dos materiais pedagóxicos e dos libros empregados durante o período republicano. A exaltación do valor relixioso será condición indispensable para escapar da destrución e o *Boletín Oficial* servirá como instrumento determinante do uso ou prohibición de libros para a escola.

Como explica Peralta Ortiz (2012), a Orde do 4 de setembro de 1936 xa dispoñía que fosen retiradas das escolas todas as obras de matiz comunista. Os encargados de levar a cabo este labor eran os alcaldes, que contaban coa axuda dos inspectores de ensinanza, os cales eran responsábeis de que as obras empregadas nas escolas fosen as axeitadas seguindo as directrices establecidas polo goberno.

Palacio e Ruiz (1993) defenden que «desde los libros de texto hasta las pautas de conduta, todo, minuciosamente planificado, conducía a la infancia a una aceptación exaltada de los valores tradicionales, patrios y cristianos, que se ha venido a denominar Nacional-Catolicismo (p. 23).»

Así pois, as obras que se empregaban nas escolas foron escollidas segundo os intereses do réxime. Cámara Villar (1984) apunta a varios temas que eran comúns na maioría de libros e textos seleccionados para o seu uso pedagóxico:

-Nacionalismo exacerbado no que España é presentada como centro e modelo do mundo. Mistifícase a espiritualidade da patria española fronte á demonización das nacións que non axudaron ao réxime.

-Insistencia no valor da unidade de España.

-Establecemento da familia burguesa tradicional e patriarcal como base da sociedade.

-Transmisión dunha concepción xerárquica e autoritaria da realidade social.

-Identificación do nacional co católico.

Explica Gervilla Castillo (1990) que se procedeu tamén, seguindo estes ditados, á eliminación das bibliotecas ambulantes ou escolares que contivesen obras de matiz comunista ou socialista. Este foi un labor encomendado aos gobernadores civís, alcaldes e delegados gubernativos, que dirixiron desde os seus postos a queima de libros considerados inimigos do réxime. O 18 de agosto de 1938 foi publicado o listado de libros que quedaban prohibidos nas escolas.

Despois da eliminación e prohibición de multitude de obras, era necesario publicar libros novos, que foron encargados ao *Instituto de España* (aínda que finalmente foron as editoras comúns as que os elaboraron).



Imaxe 8: Portadas das enciclopedias Álvarez, usadas en moitas das escolas primarias no franquismo.

O ministro Pedro Sainz Rodríguez creou unha *Comisión Dictaminadora de libros escolares de Primera Enseñanza*. Todas as casas editoriais debían entregar dous exemplares que a comisión tiña de cualificar positivamente para a súa posterior publicación e utilización nas aulas. Esta comisión tiña en conta o contido moral, relixioso, patriótico, pedagóxico, literario, tipográfico e o prezo de venta á hora de establecer o seu ditame.

A Igrexa tamén interviña neste control, tendo a última palabra sobre a validez ou retirada dos exemplares que aludían a cuestións morais ou relixiosas. Considerábanse sospeitosos todos os libros publicados antes de 1936, os cales foron modificados en moitos casos, engadindo ou eliminando parágrafos de acordo coa ideoloxía oficial para o seu emprego.

Levou a cabo pois, unha profunda ideoloxización dos textos escolares. Gervilla Castillo (1990), define este concepto como a transmisión do conxunto de ideas fundamentais que caracterizan o pensamento dunha persoa, colectividade, época, movemento cultural, relixioso ou político. Coa axuda dos libros pretendían transmitir aos seus destinatarios un contido acorde á concepción do home, do mundo e da sociedade que eles defendían.

A esta finalidade ideoloxizadora non escapaban nin as materias máis científicas, como podían ser as matemáticas ou a física, pois nos enunciados e exemplos empregados sempre se incluían referencias que aludían á relixión ou ao patriotismo, perseguindo así a inculcación ideolóxica dos alumnos. Nalgúns casos este contido era totalmente explícito e noutros estaba oculto detrás de toda a temática do libro.

Gervilla Castillo (1990:340), resume coas súas palabras as razóns que motivaron este profundo proceso depurativo dos libros e do material:

La letra ejerce una poderosa influencia sobre el individuo y la sociedad. Y esto de un modo muy especial si se trata de libros de texto escolares, ya que la influencia de estos se concreta en el nivel primario de la educación, al que se incorpora, con carácter obligatorio, un sector amplio de la población, cuyos conocimientos y formación básica se consideran imprescindibles para la integración en la sociedad.

Alén da introdución da ideoloxía do nacional-catolicismo nos textos escolares, era de obrigado tratamento nas aulas o catecismo, texto fundamental para a formación relixiosa. Este foi asumido polo *Estado Nuevo* como unha tarefa compartida entre o mestre e o sacerdote, xa que, como ben se encargaban de recordar a Inspección de *Primera Enseñanza*, a base da educación debían ser as ensinanzas que a relixión transmite.

Os catecismos máis populares e de emprego máis común nesta época eran os escritos a finais do século XVI polos xesuítas Jerónimo de Ripalda e Gaspar Astete, que seguían unha estrutura de preguntas e respostas breves que facilitaban a súa memorización.

2. AS ESCUELAS NACIONALES DE PRIMERA ENSEÑANZA EN BETANZOS (1936-1951)

Este segundo capítulo céntrase no tema principal da investigación, que pretende dar a coñecer a situación das escolas primarias públicas na vila de Betanzos durante o período comprendido entre o comezo da guerra, no 1936, e a apertura ideolóxica do Ministerio de Primera Enseñanza co nomeamento do ministro Joaquín Ruiz Jiménez no 1951.

2.1. A situación de Betanzos nos anos de posguerra

Betanzos, situado na zona noroccidental da provincia da Coruña e sendo a cabeceira da súa comarca, contaba naquela altura e conta na actualidade cunha superficie de 24,19

km². A actividade económica maioritaria do concello por aquel entón era a agricultura e tiña no seu haber unha poboación que creceu desde os 8.910 habitantes do ano 1930 até os 10.827 do ano 1950.

A vila de Betanzos tiña sido, durante os anos correspondentes ao período republicano, un importante foco de actividade política e sindical. A presenza de organizacións de esquerda era altamente destacábel e conformaba, xunto coas cidades da Coruña e Ferrol, un eixo que supoñía para a Galiza daquel tempo unha das máis importantes iniciativas de renovación política.

Precisamente estas grandes manifestacións sindicais tiñan provocado a reacción da dereita, que se foi organizando rapidamente co obxectivo de botar abaixo o réxime vixente. No caso de Betanzos, o concello estivo gobernado nos últimos meses da República polos socialistas, que tiñan levado a cabo unha importante actividade modernizadora (Grandío Seoane, 1998).

Este mesmo autor, Grandío Seoane (1998:292), explica como se desenvolveu o *Alzamiento Militar* na Galiza:

O golpe de estado en Galicia ten máis de movemento cuarteleiro que de enfrontamento da sociedade política civil. Nesta circunstancia foi determinante a actitude pasiva do goberno do Estado nos primeiros momentos, tras coñecerse a nova situación, á hora de mandar aos distintos gobernadores civís que entregasen armas para a defensa das súas respectivas provincias e cidades. Isto provocou en numerosos casos que a mobilización espontánea da sociedade de esquerdas en camións e outros vehículos desde localidades como Vigo, Lousame ou Noia co obxectivo de defender as cidades simbólicas do poder republicano, lles collera a contra pé. Cando estes chegaron xa se atopaban baixo o control dos militares sublevados.

Como se pode deducir destas palabras, Galiza non viviu un período de guerra propiamente dito, xa que aos poucos días todo o territorio galego estaba baixo o poder das forzas rebeldes. O caso de Betanzos non foi diferente:

Na cidade de Betanzos, o dominio dos militares levouse adiante uns días despois da toma da cidade da Coruña, cun enfrontamento na ponte de acceso á capital brigantina, que se solventou a favor dos sublevados de xeito rápido. O control militar estableceuse de xeito inmediato a partir do 22 de xullo, momento no que chega a columna militar, que no día seguinte recorre os concellos limítrofes de Abegondo, Sada e Oleiros. O mando da praza brigantina queda en mans do tenente González (Grandío Seoane, 1998:293).

Máiz Vázquez (2002:311) resume o resultado da revolta apuntando que «o mesmo 20 de xullo comezou a represión. Quince días despois a única oposición aos sublevados estaba nas cadeas, no exilio ou nos montes.»



Imaxe 9: Praza do Campo ou praza García Hermanos nos anos 40. Foto: Selgas, AMB.

Grandío Seoane (1995) sostén que a causa de que a cidade fose tomada tan facilmente por parte do bando nacional se atopa na desunión existente entre os sectores da esquerda. Mentres que a dereita deixaba a un lado as pequenas diferenzas ideolóxicas e axuntaba forzas para garantirse a vitoria, a esquerda non era quen de saltar as fendas que os conducirían á perda do control.

Por outra parte, era ben importante para os rebeldes facerse co control de Betanzos debido á súa posición estratéxica, a medio camiño entre a *Capitanía General de La Coruña* e a Base Naval de Ferrol. De feito, a rápida perda desta dúas cidades a mans do exército, foi decisiva para que os sublevados acadasen o control da Galiza.

Durante as primeiras semanas o novo goberno, coa axuda da *Comisión Gestora* presidida polo Delegado Gubernativo Militar Ángel González Vázquez, dedicouse a levar a cabo a chamada «pacificación» da vila, que consistía en eliminar ou afastar ás persoas que eles consideraban inimigas, ben mediante o fusilamento ou ben co seu ingreso na prisión. Aínda así, o asañamento cos perdedores foi moito menor do que noutras zonas da Galiza.

Torres Regueiro (2006:274) fai referencia ao número de vítimas betanceiras da depuración:

Pódese dicir que durante moitos anos, poucas persoas foron conscientes en Betanzos da magnitude total da traxedia. É dicir, que nada menos que 34 betanceiros foran vítimas directas (asasinados con subterfuxio «legal» ou sen el) da represión que se desatou a raíz da sublevación militar fascista do 18 de xullo de 1936.

Xa no mes de outubro dese mesmo ano, a *Comisión Gestora* aproba os presupostos para 1937. O apartado de *Obligaciones Generales* levábase a partida máis importante, mais cabe destacar que en segundo lugar, con 37.970'25 pts, se encontraba a *Instrucción Pública*. Vemos pois que desde un primeiro momento, a educación era unha das materias que máis interesaban ao novo goberno.

2.2. As Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza no Concello de Betanzos

Segundo recollen os abondosos documentos do Arquivo Municipal de Betanzos, existiu neste concello, xa desde o século XVI no que se fundou o *Colegio de Huérfanas*, unha preocupación salientábel pola educación que probabelmente non existía noutras vilas máis pequenas e cunha situación máis illada. Mostra disto é a consagración do aludido edificio á acollida e ensinanza básica de nenas orfas e sen recursos.

A ensinanza en Betanzos quedou reflectida, sobre todo a partires do s. XIX, en múltiples documentos que reforzan a afirmación de que neste concello sempre se tentaron cubrir as necesidades educativas da infancia (excepto en momentos conflitivos, como é o caso da posguerra). Xa entrando no período republicano a estatística escolar, sobre todo a referida ás escolas públicas, aparece detalladamente descrita e, alén diso, consérvanse os expedientes fundacionais de moitas destas escolas.

Así pois, sábese que no ano 1932 existían 15 escolas públicas (7 na vila e 8 nas aldeas) e 4 escolas privadas no concello¹. A maioría destas foron creadas no período republicano a petición dos veciños das distintas parroquias, que eran conscientes da necesidade de escolarización dos seus pequenos (como así consta nas diferentes actas fundacionais).

¹ Estadística Escolar, 922 Estadística Escolar (1839-1954), Arquivo Municipal de Betanzos (A.M.B.), 1932.



Imaxe 10: Grupo escolar de nenos en Betanzos a finais dos anos 40. AMB.

Atendendo aos documentos referentes a estatística escolar de 1932, neste ano acudían a aulas 2150 alumnos:

Cadro 1: Alumnos das escolas públicas primarias no Concello de Betanzos no 1932 clasificados por idades.

<u>Idades</u>	<u>Nº de Alumnos</u>
0 - 6	704
6 - 8	415
8 - 10	385
10 - 12	387
>12	259

Documentación do rexistro 922 Estadística escolar do Arquivo Municipal de Betanzos. Elaboración propia.

Existe tamén un documento do 18 de maio de 1934 que ofrece unha relación detallada de escolas que era preciso construír nos vindeiros anos. Dedúcese que estes planes quedaron totalmente paralizados polo estalido da guerra en 1936².

É destacábel que o número de escolas non aumentou durante os anos do franquismo nos que se centra este estudo. As únicas modificacións consistiron no desdoblamento dalgunhas das escolas que tiñan sido mixtas, como é o caso da escola de Infesta que pasou a ter sección de nenos e de nenas. Ademais de non fundar novos colexios, moitos

² Relación detallada de escolas unitarias e graduadas de construción urxente, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 18-05-1934.

dos xa existentes pasaron por penosas dificultades derivadas da guerra, como se detallará en vindeiros apartados.

Os documentos relativos á estatística escolar na posguerra non son tan minuciosos como os que se cubrían durante a II República, pois neles non se fai referencia ao número de alumnos matriculados. Isto impide que se poida facer unha comparación da escolarización no concello entre un período e o outro, o cal sería moi interesante á hora de tirar conclusións relacionadas co alcance da educación entre a poboación.

No seguinte cadro especificase o número de escolas públicas que existían no concello no ano 1936³, as súas características, o lugar onde estaban situadas e a súa tipoloxía:

Cadro 2: Escolas primarias públicas do Concello de Betanzos no 1936

Nome	Localización	Sexo	Tipoloxía	Condições (referidas polo mestre).
Piadela	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen vivenda para o mestre.Sen patio.Mobiliario e material escasos.
San Martín de Brabío (Barallobre).	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escasos.Retrete sen auga.
Infesta	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario
S. Pedro das Viñas	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material suficiente.Con servizos.
Juan Rozo	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escaso.Con servizos.Con habitación para o mestre.
S. Martín de Tiobre.	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escaso.Sen servizos.
Guiliade - Piadela	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Material insuficiente.Sen servizos.Con habitación para o mestre.
Tiobre	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escaso.Con servizos.Con habitación para o mestre.
S. Francisco nº1	Casco Urbano	Nenos	Unitaria	Local municipal.Con patio.Material insuficiente.Sen servizos.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº1	Casco Urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal.Con patio.Material insuficiente.Con servizos.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº2	Casco Urbano	Nenos	Unitaria	Local municipal.Sen patio.Sen servizos. Mobiliario e material suficiente.Sen vivenda para o mestre
S. Francisco nº2	Casco urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal.Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº3	Casco urbano	Nenos	Unitaria	Local municipal. Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº3	Casco urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal. Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Sen vivenda para o mestre.
Huérfanas Nº1	Casco urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal. Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Habitación para o mestre.

Documentación do rexistro 922 Estadística escolar do Arquivo Municipal de Betanzos. Elaboración propia.



Imaxe 11: Nenos de diferentes idades nunha das escolas de Betanzos nos anos 40. AMB.

Como se pode deducir, aínda que o número de escolas públicas era bastante destacábel, as condicións hixiénicas e pedagóxicas non eran as máis idóneas para o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. A maioría das escolas se encontraban implantadas en edificios alugados polo concello a propietarios particulares, o que facía que estas edificacións non estivesen pensadas coa finalidade de acoller a ensinanza e carecesen dos elementos necesarios e desexábeis.

No arquivo de Betanzos gárdanse na actualidade moitos documentos que dan conta da precaria situación de moitos dos edificios que albergaban escolas. Abundan as cartas dos mestres ao concello queixándose da ruínosa e, nalgúns casos, perigosa situación destas construcións. Son especialmente anecdóticas a carta da mestra da escola da Piadelá³ ao alcalde, datada do ano 1949, na que reclama que lle arranxen coa maior rapidez posíbel o chan, cheo de buratos polos que collían incluso os rapaces, ou outra na que a mestra da mesma escola, desta vez no 1943, se queixa do mal estado das xanelas, carentes de cristais que os protexan do duro inverno. Mesmo nalgún caso chegaron a producirse incidentes graves e mostra disto é a carta da mestra de Tiobre⁵ en 1946 reclamando unha indemnización polo accidente sufrido en horario de aulas, e consecuente intervención cirúrxica, a causa das malas condicións da casa na que estaba albergada a escola.

Alén diso, non existía no concello ningunha escola pública graduada. Durante a República planeábase dotar de grados ás escolas situadas en San Francisco, pero esta iniciativa quedou totalmente paralizada pola guerra. Esta situación non facía máis que

³ Estadística escolar, 922 Estadística Escolar (1839-1954) (A.M.B.), 1936.

⁴ Carta da mestra da Piadela ao alcalde, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 20-07-1943.

⁵ Carta da mestra de Tiobre ao alcalde, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 6-12-1946.

complicar o proceso educativo, pois o mestre debía enfrontarse a clases nas que os nenos eran de variadas idades e niveis. De Gabriel Fernández (2006:178) resúmenos nas súas palabras os conflitos e dificultades propios dunha escola unitaria:

El principal problema metodológico radicaba en como distribuir los esfuerzos del profesor entre el conjunto de alumnos, dando por supuesto que debido a la heterogeneidad del grupo no podía dirigirse a todos al mismo tiempo. Una primera solución consistió, simplemente, en prescindir, a efectos instructivos, del conjunto de la clase y centrar su atención en cada uno de sus componentes. El maestro se aproximaba a su mesa, asignando al resto, mientras tanto, la realización de determinadas tareas en sus puestos respectivos.

Como se pode supor, este método non daba grandes resultados, acentuando, previsiblemente, as diferenzas de nivel entre os distintos alumnos e retrasando o proceso de ensinanza-aprendizaxe ao ter o mestre que levar un seguimento individualizado de todos os alumnos en todo momento.

Por outra banda, a situación da ensinanza privada, en contraposición, era totalmente diferente, como ben se pode ler nos informes dos propios mestres que traballaban neste tipo de escolas. É ben salientábel o caso das escolas fundadas polos irmáns García Naveira⁶. Os documentos que fan referencia a elas deixan constancia da idoneidade das súas instalacións para a ensinanza. Estas escolas dispoñían de un patio propio de recreo, onde os estudantes podían desfrutar do ar libre; de servizos con auga corrente e de abundante mobiliario e material didáctico. Eran, ademais, escolas graduadas e eran as que máis estudantes aglutinaban no concello (475 alumnos segundo os datos estatísticos de 1932). Contaban con aulas para adultos e aulas especializadas de debuxo.

Así pois, aínda que, como xa se dixo con anterioridade, a educación era un dos temas preferentes para o réxime de Franco polo seu valor propagandístico, as precarias circunstancias económicas do país despois da guerra e nos anos inmediatos impedían que se puidesen realizar grandes avances na materia educativa, converténdose así a penosa situación dos colexios no reflexo da devastada e famenta sociedade.

2.2.1. O Consejo Local de Primera Enseñanza e a influencia do goberno de Franco na educación en Betanzos

A rápida vitoria dos nacionais en territorio galaico tería moitas consecuencias en todos os aspectos da vida social e política. Os cambios sucedéronse entrementes a obra da II República se esborrallaba dun xeito veloz baixo as consignas, prohibicións e ideas impostas polo novo réxime.

A cuestión educativa non sería unha excepción. Tan pronto como o acadaron o triunfo os rebeldes, en agosto de 1936, constitúese o *Consejo Local de Primera Enseñanza* en Betanzos. Como se pode ler na acta constitutiva, os membros convocados eran os seguintes:

Convócase a D. Ricardo Garrido Vidal, como maestro nacional de la escuela de niños de Infesta, de más antigüedad en el escalafón; a D. Manuel Rivera Vázquez, cura párroco de Santa María de Azogue, de posesión más antigua en este pueblo, y a los padres de familia D. Francisco Javier Teijeiro Bugallo y D^a Araceli Corral Castro, para que concurran a esta

⁶ Estadística Escolar, 922 Estadística escolar (1839-1954) (A.M.B.), 1932.

Casa Consistorial a las 12h del día 2 del entrante mes de septiembre. Lo mandó y firma el sr. Delegado civil, del que yo secretario accidental certifico⁷.

Como facilmente se deduce, os compoñentes do *Consejo Local de Primera Enseñanza* non eran elixidos ao chou nin moito menos democraticamente. Son ben significativas a presenza do cura, que se encargaría de velar porque os asuntos relixiosos e os cultos se cumprisen sen falla en todas as escolas, e a do mestre de máis antigüidade do concello, feito que garantía que non fora depurado e que, por tanto, fose con certeza afín ao réxime.

Os pais de familia elixidos para formar parte do *Consejo* tamén eran, sen dúbida algunha, persoas de confianza para o poder. Debían pertencer a unha familia de tradición católica e que tivese mostrado sobradamente a súa afiliación ao ideario franquista, como así estaba estipulado. Todos eles estaban presididos polo alcalde que, obviamente, formaba parte da nova organización política.

A primeira reunión do convocado *Consejo* tivo lugar, pois, o día 2 de setembro de 1936. Un dos primeiros temas a tratar foi o seguinte:

La presidencia trajo al Consejo múltiples copias de la Orden de la Junta de Defensa Nacional, fecha 29 de agosto de 1936, cuya señala como ha de orientarse la enseñanza en todas las escuelas y se dispuso que dichas copias fueran enviadas por la secretaría a todos los señores maestros nacionales y privados de este término municipal⁸.

A Orde en cuestión (véxase Anexo 1), deixaba ben claro que a ensinanza en todas as escolas tiña de orientarse seguindo os preceptos que a continuación se enumeran:

1. Responder ás convencións nacionais.
2. Os xogos obrigatorios debían estar orientados ao patriotismo.
3. Prohibíase toda manifestación oposta «a la patriótica actitud del Ejército y pueblo español, que siente España grande y única, desligadas de conceptos antiespañolistas que solo conducen a la barbarie⁹.»

Vese claramente que o novo goberno estaba realmente preocupado por manter á poboación baixo control e por suprimir calquera vestixio dos ideais progresistas que durante a II República se tiñan espallado. A educación para o goberno de franco era, ante todo, unha potente ferramenta ideolóxica que podía contribuir a perpetuar ou destruír un réxime embrionario aínda por aquel entón.

Os aspectos puramente educativos, didácticos e pedagóxicos quedaban á marxe. Non era realmente importante que o neno aprendese a ser competente nas diferentes facetas da vida ou que adquirise a cultura precisa para desenvolverse. O primordial era o control da sociedade.

Outra das primeiras medidas levadas a cabo no tocante a educación, foi encher todas as escolas de símbolos da ideoloxía dominante e de retratos de diversos personaxes relevantes para o bando nacional elevados ao grao de heroes.

Na reunión do *Consejo* do 24 de febreiro de 1937, entre moitos outros asuntos, déixase constancia na acta de que en todas as escolas da vila se tiña levado a cabo a instalación do mastro para colocar a bandeira española: «También el Consejo hace constar que por la

⁷ Expediente instruído para a constitución do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), agosto de 1936.

⁸ Acta de Constitución do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), 2-09-1936.

⁹ Circular Junta de Defensa Nacional dispoñendo orientacións escolares, 935 Oficios Diversos (1936-70) (A.M.B.), 29-08-1936.



Imaxe 12: Retrato escolar tomado nunha das escolas de Betanzos nos anos 50. Destacan os elementos relixiosos como a presenza dunha representación da virxe. AMB.

Delegación fueron dotadas las seis escuelas del casco de astas grandes provistas de soportes de hierro con sendas cuerdas para izar y arriar las banderas, siendo con cargo al presupuesto municipal los gastos ocasionados, como así colocarlos en los frontispicios¹⁰.»

A finalidade destas instalación non era outra que os alumnos puidesen realizar todos os días de aulas o exercicio patriótico de izar e arriar a bandeira española entrementes entoaban o himno, como se explicou neste traballo no capítulo relativo ao nacional-catolicismo nas aulas, que era obriga en todos os colexios.

Continuando coa reunión do 24 de febreiro de 1937, nese mesmo día faise manifesto o poder da Igrexa sobre o tema educativo. O cura, pertencente ao *Consejo*, fai unha proposta que deixa ver claramente o interese do sistema eclesiástico en que a súa doutrina chegue a todos os nenos escolarizados, sen importar as crenzas e os ideais persoais de cada un:

El vocal eclesiástico sr. Rivera, dirige un ruego a la presidencia en el sentido de que sean sancionados con el duplo de la multa los alumnos que faltasen a sus respectivas escuelas aquellos días en que les correspondiera dar las asignaturas de Historia Sagrada y el Catecismo de la Doctrina Cristiana, pues varios maestros le han manifestado que dichos días no asistían, existiendo al parecer una confabulación entre los padres y sus hijos, en vista de lo cual la presidencia dice que se oficiará al magisterio para que al remitirle los partes quincenales reglamentarios de asistencia del alumnado señalen los que hubieren dejado de concurrir los días en que les correspondieran aquellas disciplinas¹¹.

Así pois, as sancións impostas por faltar a clase, que se tiñan acordado nunha reunión anterior como posíbel remedio ao alto absentismo escolar no concello, serían dobradas en caso de os nenos faltaren nos días en que as materias eran de corte relixioso. Cabe destacar aquí a sobrevaloración deste tipo de materias, das cales se dá a entender que son de maior importancia que o resto.

Por outra banda, é destacábel a confabulación dos mestres cos curas en todo este proceso adoutrinador, xa que eles eran os que informaban destas faltas, apuntando ademais a que as familias non enviaban aos seus fillos a propósito. Era esta unha grave acusación, considerando os delicados momentos que a poboación atravesaba por aquel entón, que podía ter consecuencias funestas para as familias sinaladas.

Na reunión dese día aínda se tratou tamén o tema da xa anteriormente mencionada neste traballo *Fiesta del Árbol*, que se acordou celebrar no día seguinte, 25 de febreiro. Todos os colexios debían participar neste evento obrigatoriamente.

¹⁰ Reunión do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), 24-02-1937.

¹¹ Ibidem.

Na seguinte xuntanza do *Consejo Local de Primera Enseñanza*, celebrada o día 24 de abril de 1937, trátase un tema derivado da celebración desta festa. A mestra de Piadela non tiña acudido e o *Consejo* dispónse a comunicar as medidas dictadas polo *Rectorado* respecto deste asunto: «También se ha informado del oficio recibido cuyo tuvo entrada el día de hoy bajo el nº 122, por el cual el Rectorado dispuso se instruyera expediente gubernativo a Doña Mercedes Taboada Nóvoa, maestra de Piadela, por su inasistencia a la obligatoria Fiesta del Árbol¹².»

O goberno de Franco era ben estrito no referente ás obrigas, incluso as festividadeas eran obrigatorias. Os mestres e alumnos non tiñan ningunha liberdade para decidir se querían participar ou non, e os que non colaboraban de bo grado enfrontábanse a graves consecuencias.

En Marzo de 1937 chegaba a mans do *Consejo* outro asunto relacionado co impulso da relixión na ensinanza, esta vez destinado ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela:

La Circular de la Comisión de Cultura y Enseñanza, del 1º del actual, encomienda a los Rectores la misión de resucitar la antigua costumbre que intensificaba durante el tiempo de Cuaresma, la enseñanza de la doctrina de los niños de las Escuelas. A este fin, el Rectorado acuerda: - Sin perjuicio de la enseñanza, en la Escuela, de la Religión e Historia Sagrada, durante el tiempo que falte hasta la terminación de la Cuaresma, los Sres. Maestros de pondrán de acuerdo con los Sres. Curas párrocos, con el fin de que aquellos, al frente de sus alumnos, asistan dos veces por semana a la iglesia a una conferencia de instrucción religiosa. Si no fuese posible ó conveniente que esta tuviese lugar a hora distinta de la jornada escolar podrá autorizarse la reducción de esta en una hora como máximun¹³.

Esta carta é outra mostra da importancia que se lle concedía á relixión fronte ás outras materias. A *Comisión de Cultura y Enseñanza* establecía que se perdesen horas lectivas con tal de que os nenos acudisen á igrexa, menosprezando as múltiples áreas do saber e favorecendo os intereses eclesiásticos que eran tamén, en boa medida, os do goberno.

Xa en xaneiro de 1943 ten lugar outro feito que ven a destacar o poder da outra vertente que integraba o goberno, a *Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S.* Entre os papeis que se conservan referentes aos asuntos do *Consejo Local de Primera Enseñanza*, destacan os relacionados co incautamento do edificio que acollía a escola de Tiobre por parte da *Falange*. Este fora alugado ao concello ante a falta de un lugar axeitado no que levar a cabo as aulas na aldea, pola *Sociedad de Obreros Federados* e pola *Sociedad de Agricultores de Tiobre*, que tiñan a súa sede neste local.

Ao consideraren desde a *Falange* este edificio como un ben marxista pola súa pertenza a organizacións sindicais vinculadas coa esquerda, podían proceder a apoderarse del amparados polas novas leis:

Diose cuenta de una comunicación suscrita por el Delegado Comarcal Sindical de Falange en que se interesa se libre a su favor la renta que venía satisfaciendo el Ayuntº por el alquiler de la casa donde está instalada la escuela de S. Martín de Tiobre, de acuerdo con lo dispuesto en la Ley de 29 de Seprbre. De 1939, que ordena que los edificios de bienes marxistas pasen a disposición de las Organizaciones Sindicales¹⁴.

¹² Reunión do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), 24-04-1937.

¹³ Carta da Inspección de Primera Enseñanza ao Reitor da USC, 935 Oficios Diversos (1936-70) (A.M.B.), 9-03-1937.

¹⁴ Carta da Falange ao concello reclamando o aluguer da escola de Tiobre, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 15-01-1943.

Alén de apropiarse do edificio, pretendían tirar partido económico da situación cobrando o aluguer ao concello por teren alí instalada unha escola pública.

Como se deduce atendendo a todo o exposto até o de agora en referencia ao *Consejo Local de Primera Enseñanza*, en Betanzos a situación da ensinanza mudou coa implantación do franquismo, converténdose así nunha ferramenta da que os principais poderes, a Igrexa e a *Falange*, tentaban apropiarse co fin de obter beneficios tanto económicos como, sobre todo neste caso, de control e alienación da poboación.

2.3. As *Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza* na vila de Betanzos

Unha vez feito este repaso pola situación administrativa e organizativa da ensinanza no concello de Betanzos, centrase este apartado só nas escolas públicas de Primeira Ensinanza situadas no casco urbano. Estas escolas instaladas no centro da cidade eran, por número de alumnos, as de maior importancia da contorna e nelas, a diferenza do que no resto, os alumnos estaban divididos por sexos. Constitúen, pois, unha mostra ben significativa da educación daquel tempo cuxa análise aportará luz á comprensión e estudo deste período histórico tan relevante.



Imaxe 13: O Colegio de Huérfanas na actualidade. Foto: Sara Rodríguez.

2.3.1. O Colegio de Huérfanas

O Colegio de Huérfanas nace o 24 de novembro de 1629 da unión de dúas fundacións. A primeira delas tiña sido unha iniciativa de Juana Díaz de Lemos e encargábase de establecer dotes para doncelas orfas. O capital desta estaba formado por dúas láminas de 32.000 e 4.500 ptas.¹⁵

A outra fundación estaba encabezada por Úrsula Menéndez de Tejada e o seu cometido era recoller a nenas orfas nun edificio construído con esta finalidade. O obxectivo era instruír ás nenas en diferentes materias que lles puidesen axudar a gañarse

a vida. Menciónase nun documento referente a esta fundación que as nenas aprendían a coser para, polo menos, teren roupa propia coa que vestírense dignamente.

O colexio foi construído nunha esquina da praza coñecida actualmente como Irmáns Gracia Naveira, formando actualmente un emprazamento histórico singular xunto con outros edificios destacábeis da arquitectura betanceira como pode ser o Liceo ou Edificio Arquivo.

No século XIX a escola atravesou serios problemas. Existe un documento do 18 de agosto de 1820 que explica que nesa altura o colexio estaba totalmente en ruínas por causa da ocupación das tropas francesas. Durante a guerra da Independencia, alén da parcial destrución do edificio, o Estado incautou e vendeu a maioría do capital da fundación, deixando o colexio nunha situación complicada.

Xa a principios do S.XX o concello faise cargo do local, que se restaura e converte en escola pública unitaria de nenas, e paga por este servizo un aluguer á Fundación do

¹⁵ Explicación de la unión de las Fundaciones para formar el Colegio de Huérfanas, 920 Colegio de Huérfanas (A.M.B.).

Colegio de Huérfanas. Realízase, nesta altura, outra importante modificación no edificio co fin de instalar unha biblioteca.

Durante os anos que ocupan este estudo, o *Colegio de Huérfanas* era unha *Escuela Nacional de Primera Enseñanza* para nenas. Acolí nas súas instalacións a redor de 50 alumnas de variadas idades. Son frecuentes as queixas das diferentes mestras durante este período a respecto da escaseza de material e mobiliario e da pobreza do cuarto que estaba destinado á docente. Consérvase, así mesmo, rexistrado un pleno no Concello en 1941¹⁶ no que se discute acerca das queixas da mestra desta escola, que demandaba obras urxentes para dotar de servizos o edificio e se lamentaba do constante cheiro provinte das cortes que se encontraban emprazadas na planta baixa. Resolveuse solucionar a situación e, grazas ás reclamacións da mestra, nese mesmo ano foron instalados os servizos na escola, mellorando notabelmente a situación hixiénica que era bastante precaria ao acoller animais na planta baixa.

Alén disto, cabe destacar que, aínda que o edificio fora deseñado xa de inicio para acoller no seu seo unha institución educativa, non contaba cos elementos indispensábeis para un local deste tipo. Aínda que si estaba equipada con cuarto para a mestra, a diferenza da maioría das escolas do concello; non estaba dotada con patio para que as alumnas puidesen desfrutar de momentos ao ar libre.

Así pois, o *Colegio de Huérfanas*, o edificio educativo con máis historia e tradición de Betanzos, sufría nos anos da posguerra as mesmas carencias que o resto das escolas nacionais. A catastrófica situación económica e social repercutía negativamente nos colexios, que debían sobrevivir día a día con escasísimo material e ruinosas instalacións.

Na actualidade foi restaurado e da construción orixinal só se conserva a fachada e o balcón frontal. Fai as veces de biblioteca e centro sociocultural. Como curiosidade cabe dicir que este edificio ten unha réplica exacta no *Pueblo Español* de Barcelona en representación da vila de Betanzos.

2.3.2. As escolas San Francisco nº1 ou escolas Jesús García Naveira

As escolas Jesús García Naveira, tamén coñecidas como San Francisco Nº1 polo seu emprazamento, foron construídas grazas a unha doazón de 50.000 pts que Jesús García Naveira deixou ao Concello de Betanzos coa condición de que servisen para construír unha escola nun dos terreos municipais. O promotor destas escolas morreu atropelado no 1912 en Bos Aires, mais o proxecto seguiu adiante e Rafael González Villar foi o arquitecto encargado de deseñar o edificio, de estilo modernista e cunha superficie de 1536 m².

O día 17 de agosto de 1917 púxose a primeira pedra e comezouse a obra, rematada no mesmo ano.



Imaxe 14: As escolas San Francisco Nº1 ou escolas Jesús García Naveira en 1917. AMB.

¹⁶ Acta do Pleno no concello no que se discute o problema do estado do Colegio de Huérfanas, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 17-05-1941.

As escolas Jesús García Naveira acollían no seu interior dúas salas de aulas independentes mais situadas dentro do mesmo edificio, unha de nenos e outra de nenas, ambas as dúas unitarias.

Segundo os documentos que se conservan no Arquivo Municipal de Betanzos¹⁷, a comezos dos anos 30 a clase de nenas tiña 62 alumnas e a de nenos 48. Impartían, ademais, nesta época, clases a 32 adultos.

Xa nesa altura os mestres que cubrían os documentos de estatística escolar se queixaban de que, aínda que o estado do edificio era bo e gozaban de dous patios, o material e o mobiliario eran insuficientes. Esta circunstancia dificultaba aínda máis o labor dos docentes, xa de por si complicado ao terse que enfrontar a unha clase unitaria¹⁸.

Non contaban, ademais, nin con vivenda para os mestres, co cal estes moraban noutra casa de aluguer que lles pagaba o concello e debían desprazarse todos os días até o seu lugar de traballo, nin con servizos, nin con auga potable. Até o 1938 non se levaría a cabo a instalación, como así o mostran varios documentos que detallan o presuposto da obra necesaria¹⁹.

Posteriormente, coa chegada ao poder do bando nacional na Galiza, producíronse nas escolas N°1 varios ceses de mestres que, se ben non están demasiado claros nos documentos que se conservan, poderían estar relacionados co proceso depurativo do persoal docente. En agosto de 1936, poucos días despois do alzamento, ten lugar o cese provisional e suspensión de emprego e salario do mestre da escola de nenos²⁰. Os interinos vanse sucedendo a partir de entón neste posto e só se aclara que o mestre propietario continúa afastado da escola até que nos 1942 toma posesión do cargo un novo mestre propietario²¹.

Na escola de nenas tamén hai algún caso que podería estar relacionado coa depuración. Consérvase un documento do 2 de xullo de 1938 que dá conta do cese da mestra propietaria. Nesta dilixencia só se especifica que «... participando por orden de la *Jefatura del Servicio Nacional de Primera Enseñanza*, fecha del 15 citado, había sido declarada en situación de jubilación forzosa, debiendo cesar, en consecuencia, en el servicio activo de la enseñanza²²...»

A man do novo goberno deixouse sentir tamén noutros asuntos que atinxían ás escolas. No 1937, nun intento de agradar ás autoridades e de mostrar o seu patriotismo e respecto polas figuras que o goberno glorificaba, tenta mudarse o nome desta escola e das N°2 e N°3. Aínda se conserva o expediente²³ instruído atendendo a unha moción da Alcaldía na que se acorda trocar os seus nomes orixinais por Mola Vidal, Calvo Sotelo e José Antonio Primo de Rivera, denominación que se acorda lle corresponda ás escolas N°1.

Este feito dá lugar a un suceso anecdótico que non fai máis que mostrar novamente a precariedade das escolas daquel tempo. Os alumnos e alumnas das escolas N°1, coñecedores da nova denominación, deciden xuntar cartos para mercar dous retratos de

¹⁷ Estatística escolar, 922 Estadística escolar (A.M.B.), 1932.

¹⁸ *Ibidem*.

¹⁹ Presuposto do concello para instalar auga potable en San Francisco N°1, 2999 Enseñanza Primeira expediente y documentales (A.M.B.), 3-08-1938.

²⁰ Diligencia de cese provisional maestro escuela de niños N°1, 3278 Actas (A.M.B.), agosto de 1936.

²¹ Toma de posesión del maestro provisional propietario de la escuela de niños N°1, 3278 Actas (A.M.B.), 1942.

²² Diligencia de la cesación de D^{ña}. Eugenia Soto Menlle del destino de maestra de la escuela nacional de niñas N°1, 3278 Actas (A.M.B.), 2-7-1938.

²³ Expediente instruído en virtud de una moción de la Alcaldía-Presidencia a fin de acordar dar el nombre a varias escuelas de esta ciudad de los sres. Mola Vidal, Primo de Rivera y Calvo Sotelo, 2999 Enseñanza Primeira expediente y documentales (A.M.B.), 07-1937.



Imaxe 15: Grupo de alumnos e mestre das escolas Nº1 no curso 56/57. AMB.

Primo de Rivera (costa crer que esta iniciativa partise dos rapaces e non fose suxerida polos mestres) e, como non conseguen o diñeiro suficiente, escriben dúas cartas ao concello para pedirles que lles merquen os retratos (véxase Anexo 2). As palabras dos alumnos son ben significativas:

No se nos olvidó recurrir a nuestra querida Profesora, pero reconociendo los cientos de pesetas que tuvo que adelantar en libros para poder estudiar no nos atrevemos a molestarla, pues no dudamos que si tuviese dinero ya lo tendríamos, como nos hizo con la Virgen y la fotografía del Generalísimo Franco que no regateó y los tenemos presidiendo la escuela²⁴.

Como se pode ler, os mestres tiñan que adiantar o diñeiro para poder comprar os libros necesarios e gastar os seus propios cartos en conseguir os retratos para a clase, até este punto chegaba a indiferenza das autoridades polas escolas públicas.

Finalmente, a resolución acordada no pleno do 17 de febreiro de 1938²⁵ e atendendo ao sentido común, foi non mudar o nome das escolas San Francisco Nº1 porque tiñan sido doadas por Jesús García Naveira e aparentaba unha falta de respecto tirar o nome deste para pór o de Primo de Rivera.

²⁴ Cartas dos alumnos escola Nº1 ao alcalde pedindo cartos para un retrato de J.A. Primo de Rivera, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), outubro de 1937.

²⁵ Resolución referente á nova denominación das escolas Nº1, 2999 Enseñanza primeira expediente y documentales (A.M.B.), 17-02-1938.



Imaxe 16: As escolas Jesús García Naveira na actualidade. Foto: Sara Rodríguez.

Por outra parte, semella que no concello de Betanzos estaban máis interesados neste tipo de exaltacións patrióticas que no verdadeiro beneficio e progreso da ensinanza. Proba disto é unha carta do *Gobernador Civil de La Coruña* dirixida ao Alcalde de Betanzos²⁶, datada do 22 de setembro de 1942, na que ameaza con clausurar as escolas Nº1, Nº2 e Nº3 (amén de algunha outra das que se atopaban nas aldeas) se non se levaban a cabo rapidamente obras de rehabilitación nos edificios, que comezaban a representar un risco para a saúde dos alumnos e dos mestres debido ao seu mal estado de conservación.

No caso das escolas Nº1, a ocupación en 1939 durante uns meses dos edificios por militares da Compañía 9ª do Grupo de Zapadores²⁷ só contribuíu a deteriorar aínda máis a construción.

Vese, pois, que os anos que comprende este estudo foron difíciles para esta escola e para os seus mestres, que tiveron que lidar con clases unitarias, posíbel depuración docente, precariedade, falta de material, mal estado da edificación e variadas consecuencias da guerra e do cambio ideolóxico.

Actualmente, o edificio proxectado por Jesús García Naveira continúa a cumprir coa función para a que o seu promotor o concebiu: a educación. Hoxe en día foi restaurado e recibe o nome de Gardarías Municipais Jesús García Naveira.

2.3.3. As escolas Nº2 da praza García Hermanos



Imaxe 17: A praza García Hermanos nos anos 40. AMB.

As escolas San Francisco Nº2 estaban situadas na praza García Hermanos, no centro da vila de Betanzos. O edificio que as acollía, o Liceo ou Edificio Arquivo (nomeado así porque estaba destinado a ser Arquivo do Reino de Galicia aínda que nunca chegou a cumprir esta función), data do século XXVIII e é unhas das máis ilustres construcións da vila.

As escolas Nº2 comprendían dúas salas de aulas neste edificio, unha de nenas e outra de nenos, as dúas unitarias. Segundo os documentos que o mestre cubriu para estatística oficial²⁸, en 1932 a construción se atopaba en bo estado e contaban con suficiente material e mobiliario, aínda que non estaba equipado con servizos nin auga corrente. Tampouco tiña patios nin

²⁶ Carta do Gobernador Civil ao alcalde ameazando con clausurar varias escolas, 2999 Enseñanza primeira expediente y documentales (A.M.B.), 22-09-1942.

²⁷ Telegrama dando conta da ocupación das escolas Nº1, 935 Oficios diversos (A.M.B.), 12-07-1939.

²⁸ Estatística Oficial, 922 Estadística escolar (1839-1954) (A.M.B.). 1932.

habitación para os docentes, que vivían nunha casa de aluguer pagada polo concello, tal e como estipulaba a lei que se procedería cos mestres das escolas nas que non houbera vivenda.

Xa en agosto de 1936, no comezo da guerra civil, césase á mestra propietaria da praza da escola de nenas que é substituída o día 28 do mesmo mes, como figura na acta de toma de posesión da nova mestra²⁹ que se conserva no Arquivo Municipal de Betanzos. Ao igual que acontece coa maioría das actas relacionadas con ceses e tomas de posesión dos mestres, non se explica a razón deste procedemento, se ben podería estar relacionado co proceso depurativo levado a cabo polo bando nacional.

No 1937 as escolas San Francisco N°2 vense envoltas no proceso de exalzamento dos heroes nacionais mediante o nomeamento de varias escolas públicas cos nomes destes. Ao igual que as escolas N°1 e N°3, o nome das escolas N°2 foi substituído³⁰, neste caso polo de General Mola, en homenaxe a Emilio Mola, que tiña sido un dos directores da sublevación militar de 1936 e que viría a morrer en xuño dese mesmo ano nun accidente de aviación.

Aínda que a proposta seguiu adiante e estas escolas adoptaron oficialmente a denominación General Mola, parece ser que o novo nome non tivo moita aceptación na sociedade betanceira, xa que en todos os documentos continuaron referíndose a elas co nome habitual de escolas praza García Hermanos N°2.

Nese mesmo ano, nestas escolas había un grave problema de sobrecargo de alumnos, ao que o profesor se refire nunha carta dirixida á inspectora profesional:

Limitación en la matrícula, ya que ha llegado a un número excesivo por la persistencia de los padres de los niños, interese de quien corresponde la creación de nuevas escuelas nacionales o municipales, se autorice la división en dos sesiones de los niños asistiendo unos por la mañana y otros por la tarde, se proceda a la redistribución de la población escolar entre todas las escuelas del distrito en otra fórmula que permita atender a tan creciente población escolar³¹.

A partires do ano 1937 non se conservan máis documentos que fagan referencia a estas escolas, só existe unha lista do 1946 na que aínda figura en activo. No seguinte listado das escolas do concello, do 1952³², as escolas N°2 xa non aparecen. Non se conserva ningún documento que deixase constancia dos motivos do seu peche ou dun posíbel traslado.

2.3.4. As escolas San Francisco N°3

As escolas San Francisco N°3 estaban situadas fronte ás escolas Jesús García Naveira, moi perto do convento de San Francisco. O edificio no que foran instaladas, cunha superficie de 427m², pertencía ao concello e contaba con vivendas para os mestres, ademais de estar equipado con servizos xa no ano 1932. Os documentos de estatística que se conservan deste mesmo ano³³ reflicten que os mestres estaban conformes co material e o mobiliario co que contaban e sinalaban que o estado do edificio era bon. Acolían por aquel entón a 40 alumnas e 38 alumnos, en clases separadas. Tamén impartían aulas a 17 adultos.

²⁹ Acta de posesión de D^a María de la Concepción Arenas Aller como mestra da escola N°2 de nenas, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 28-08-1936.

³⁰ Sesión no concello para acordar os novos nomes das escolas, 2999 Enseñanza primeira expediente y documentales (A.M.B.), 2-08-1937.

³¹ Comunicación de D. Antonio Castro Maseda, mestre das escolas N°2, á inspectora profesional, 2999 Enseñanza primeira expediente y documentales (A.M.B.), 1937.

³² Listado de escolas do Concello de Betanzos, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 1952.

³³ Estatística escolar, Estadística escolar (1839-1954) (A.M.B.), 1932.



Imaxe 18: Rúa de San Francisco na actualidade en:
http://www.rottodigital.com/vistas_betanzos.html

No ano 1937, igual que as escolas N^o1 e N^o2, o concello mudou de nome ás escolas N^o3 San Francisco e pasou a denominalas Calvo Sotelo³⁴, en homenaxe a José Calvo Sotelo, un dos impulsores do golpe de estado que tiña sido morto o 13 de xullo de 1936 a mans de militantes socialistas e que os novos gobernantes transformaron nun dos mártires do *Movimiento Nacional*.

O cambio de nome foi aprobado mais nunca se usou en ningún documento para referirse a estas escolas, ás que os betanceiros seguían chamando pola súa denominación habitual.

O paso dos anos e a pouca atención e diñeiro que lle dedicaba o concello ás escolas públicas, levaron ás escolas N^o3 a un estado de deterioro alarmante. A situación agrávase ao ser ocupada a clase dos nenos polas forzas de enxeñeiros do Exército en xullo de 1939.

A primeira carta dos mestres á *Junta Municipal de Primera Enseñanza* que se conserva data do 9 de outubro de 1939 e marcaría o comezo dunha longa pelexa por conseguiren recuperar a normalidade nas escolas N^o3 e por lograr que se levasen a cabo as imprescindíbeis obras. Nesta misiva os mestres relataban así a penosa situación:

Una vez más, tenemos que recurrir a V.S. a fin de que el Exmo. Ayuntamiento de su digna presidencia disponga cuanto antes, que de hecho, se realicen las indispensables obras de seguridad y reparación en las escuelas y en ambas casas destinadas a vivienda de los consortes que suscriben. Ya que por ahora continúa la sala de la Escuela de Niños ocupada por fuerzas del Ejército, se omite lo que allí sea más preciso hasta que esté libre³⁵.

A contestación que reciben é que o asunto pasará a mans da *Comisión de Obras* para que desde alí propoñan os cambios que deben realizarse. Porén, o tempo pasa e o conflito non se resolve. Os mestres, desesperados, volven insistir en que a vivenda está inhabitábel e en que non se poden dar aulas aos nenos por continuaren alí instaladas as forzas do Exército. Pola súa parte, a *Inspección Provincial de Primera Enseñanza de La Coruña* tamén presiona ao concello para que se atope unha solución. A carta do Inspector da zona de Betanzos, do 16 de xullo de 1940, ao alcalde, deixaba ben claro que se debía proceder con urxencia:

³⁴ Expediente instruído en virtude de una moción de la Alcaldía-Presidencia a fin de acordar dar el nombre a varias escuelas de esta ciudad de los sres. Mola Vidal, Primo de Rivera y Calvo Sotelo, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 07-1937

³⁵ Carta dos mestres consortes de S.Francisco N^o3 ao concello pedindo que se realicen reformas na escola, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 9-10-1939.

Se ruega a V. S. que tenga a bien, con la máxima urgencia, de ordenar se efectúen las reparaciones demandadas por dichos maestros e esa alcaldía, o de lo contrario se les indemnice por tal concepto de casa habitación conforme a lo dispuesto en el artículo 15 del Real Decreto de 1923 18 de mayo, en pleno vigor³⁶.

O prazo establecido polo inspector para finalizar as obras terminaba o 1 de setembro dese mesmo ano, xusto cando se retomaban as aulas despois do verán, mais semella que desde o concello non estaban polo labor de inverter diñeiro no asunto e a día 17 de maio de 1941 as cousas seguían igual. A *Corporación Municipal* acorda entón que a *Comisión de Obras* e un aparelador informen dos arranxos necesarios. O informe do aparelador, do día 27 de xuño de 1941, deixa ben claro que a remodelación é absolutamente necesaria, non podendo continuar as aulas debido ao alto grado de degradación do edificio:



Imaxe 19: As antigas escolas San Francisco N°2 na actualidade. Foto: Sara Rodríguez.

El edificio destinado a grupo escolas N°3 de niños y niñas, es francamente su estado, semi-ruinoso y las reparaciones a efectuar serían costosísimas y nunca quedaría el edificio en condiciones a los usos a los que está destinado. Son desde luego indispensables un retejo general, reparación de los retretes que están mal instalados y no desaguan, pinturas y arreglo de cocina, amén de reparaciones en ventanas, pisos, etc, etc³⁷.

Perante estas evidencias da necesidade dunha solución urxente e atendendo á falta de presuposto, a *Junta Provincial de Primeira Ensenanza de La Coruña* toma a decisión máis económica é fácil para despachar rapidamente este molesto conflito: clausurar a escola da mestra, indemnizar aos mestres e trasladar as escolas á N°1, situada en fronte³⁸.

Así pois, os nenos das escolas N°3 pasaron a recibir aulas xunto cos das escolas N°1, onde eran atendidos por dous mestres e dúas mestras. Algunhas pezas do mobiliario, as que collían, tamén foron levadas ás escolas N°1. O resto do mobiliario foi recollido polos soldados, que o levaron ao cuartel, e aínda se conserva unha carta dos mestres pedindo que non se danase, pois aínda estaba servíbel para ser empregado.

A última carta referente a este tema³⁹ data do 12 de xaneiro de 1945 e vai dirixida desde a *Inspección de Primeira Ensenanza de La Coruña* ao alcalde de Betanzos comunicándolle que o mestre das escolas N°3 pode volver ao seu edificio. Pódese consultar detalladamente todo o proceso relativo ás reivindicacións dos mestres no Anexo 3.

³⁶ Carta do Inspector Provincial de Primeira Ensinanza na Coruña ao alcalde pedíndolle que proceda a reparar as escolas N°3, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 16-07-1940.

³⁷ Informe do aparelador respecto do estado das escolas N°3, 2999 Enseñanza primeira expediente y documentales (A.M.B.), 27-06-1941.

³⁸ Carta dos mestres ao alcalde explicando a resolución da Junta Provincial de Primeira Ensenanza de La Coruña, 2999 Enseñanza primera expediente y documentales (A.M.B.), 22-01-1942.

³⁹ Carta do Inspector Profesional de Primeira Ensenanza de La Coruña ao alcalde comunicándolle que o mestre da escola N°3 de nenos pode volver ao seu local, 3278 Actas (A.M.B.), 12-01-1945.

Como se desprende desta longa loita dos mestres coas autoridades municipais por reclamaren os seus dereitos e teren acceso a unhas instalacións dignas, os anos da posguerra non foron nada fáciles nas escolas N^o3 de Betanzos, afectando, ademais, o problema, ás escolas N^o1, que tiveron que acoller nas súas precarias salas de aulas a outras dúas clases de nenos. Pódese supor facilmente cal sería o nivel de superpoboación e o difícil que sería aprender e ensinar nestas condicións.

Actualmente o edificio que acollía ás escolas San Francisco N^o3 continúa pertencendo ao concello e desenvolve a función de Conservatorio Municipal.

CONCLUSIÓNS

O problema que se presentaba como tema central do presente traballo, coñecer a realidade das escolas públicas primarias da vila de Betanzos durante o primeiro franquismo, é dunha natureza complexa por tratarse dun tema histórico que fai referencia a unha época tan convulsa. As difíciles condicións da guerra e da posguerra tiveron como consecuencia a indocumentación de moitos dos feitos importantes que tiñan lugar, ou a perda desta información no decorrer das incidencias propias dunha época tan conflitiva.

Os documentos que se conservan son escasos, comparados con outras épocas como, por exemplo, a II República e, alén diso, inconexos. A reconstrución da vida escolar daqueles anos e da historia dos edificios que albergaban os colexios foi posíbel só mediante un minucioso estudo dos diferentes rexistros relacionados coa educación que existen no Arquivo Municipal de Betanzos (que leva feito un labor digno de eloxio ao conservar, recompilar e organizar toda a documentación), e, ante algunhas inexactitudes dos escritos, foi mesmo preciso procurar as edificacións no antigo casco da vila para asegurar que o emprazamento referido era o correcto.

A pesar das dificultades xurdidas, propias de calquera investigación de carácter documental na que sexa preciso manexar papeis dunha certa antigüidade, a revisión de toda a información atopada referente aos anos seleccionados para o estudo permitiu que o obxectivo do traballo, que non era outro que facer unha descrición e análise da situación do ensino público en Betanzos co fin de coñecer as consecuencias educativas da chegada do franquismo ao poder, se puidese cumprir ao levar a cabo unha reconstrución da situación da educación e das escolas en Betanzos durante a posguerra.

Este estudo demostra que a toma de poder novo réxime, como resultado do alzamento militar de xullo de 1936, representou para o sistema educativo español unha mudanza ben notábel. A obra educativa da II República, caracterizada pola apertura ás vangardas pedagóxicas europeas, o laicismo, a construción de escolas, o respecto polas diferentes identidades nacionais e unha crecente coeducación, foi totalmente destruída para deixar paso ao escurantismo provinte da nova ideoloxía fascista que viría da man da vitoria do bando nacional.

A educación converteuse entón nunha potente ferramenta ideolóxica que podía servir para garantir a continuidade no poder dos novos mandatarios e, como tal, foi disputada polos dous grandes organismos que conformaban e definían o ideario do franquismo: a Igrexa e a *Falange*.

Transformáronse entón as salas de aulas en verdadeiros campos de adoutramento, nos que o peso da relixión e dun exacerbado nacionalismo español afogaron as outras materias, tan importantes na formación dos escolares, e afastaron a mestres e alumnos do verdadeiro obxectivo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que non é outro que preparar aos nenos para que sexan competentes na vida e para que teñan a capacidade de tomar decisións libremente.

O caso de Betanzos non foi diferente. Dedúcese de todo o exposto que as necesidades educativas dos nenos do concello pouco importaban, sempre que cumprisen as obrigas relixiosas e patrióticas que desde as autoridades se impoñían. Dos documentos que se conservan referentes ás reunións e outros asuntos do *Consejo Local de Primera Enseñanza*, sobrenténdese que os intereses da Igrexa, fortemente representada polo cura en complot cos mestres, e da *Falange*, dominaban o proceso educativo. Todo o que atinxía á relixión era prioritario nas escolas, e se era preciso restábanse horas ás outras materias con tal de que os alumnos recibisen a formación relixiosa que desde a Igrexa consideraban ineludíbel.

Todo isto cadra perfectamente co marco teórico exposto na primeira parte, construído a partir da revisión bibliográfica de varios autores. A maioría deles viñan a coincidir en que na época do primeiro franquismo, a educación primaria estaba controlada polas dúas forzas xa nomeadas e, incluso os ministros de educación, eran afíns á Igrexa e velaban polos intereses do clero, promulgando leis que facilitaban o seu control da educación.

Alén do tema ideolóxico, as escolas do casco urbano eran insuficientes para cubrir a demanda educativa e os nenos amontoábanse en salas de aulas demasiado pequenas nas que, ademais, se mesturaban diferentes idades. A situación víase agravada pola ocupación de varias das escolas, unha delas durante moito tempo, por parte do Exército e o consecuente traslado dos alumnos ao colexio máis próximo.

Ademais do problema do número escaso de edificacións escolares, as que había mantíñanse nun estado deplorábel. O concello, responsábel das escolas públicas que se atopaban dentro dos seus límites, non se preocupaba do estado de abandono dos edificios nin da precariedade de materiais e mobiliario coa que os mestres tiñan de lidar. Como ben se reflectiu neste estudo, o deterioro das salas de aulas facía que fose imposible dar aulas e mesmo representaba un perigo para a saúde dos que se reunían dentro delas, tendo lugar accidentes perigosos en máis dunha ocasión. Os cuartos nos que habitaban os mestres eran insalubres e, ante a imposibilidade de vivir neles e de reformalos, o concello víase obrigado a indemnizalos para que puidesen pagar o aluguer dunha vivenda independente.

As constantes queixas por parte de moitos dos mestres e as cartas desde a Inspección non conseguían que o concello tomase conta das súas obrigas coas escolas, que seguían ano tras ano na mesma situación, envoltas nun embrollo burocrático que nunca resolvía nada. Os diferentes estamentos do poder pasábanse o problema os uns aos outros prolongando e acrecentando as dificultades dos mestres para levar a cabo o seu labor educativo.

Conclúese por tanto, despois deste repaso polos aspectos máis salientábeis da investigación, que as hipóteses propostas nun principio se confirman, xa que todos os aspectos nomeados nelas (a ensinanza ao servizo dos ideais do réxime, as necesidades educativas non cubertas e a precariedade das construcións escolares), están presentes tanto nas teorías dos diferentes autores como nos documentos revisados no Arquivo Municipal de Betanzos.

Unha vez finalizado este traballo, quedan moitas posibilidades abertas á investigación da educación no franquismo no concello de Betanzos, xa que este é un campo practicamente inédito. O estudo podería ser perfectamente ampliábel de moitos xeitos que, debido ás limitacións espazo-temporais, non puideron ser tratados desta volta. Así pois, sería interesante reconstruír a historia de todas as escolas do concello, e non só das da vila, nesa época. Tamén se poderían incluír todos os anos que comprende a ditadura, posibilitando así a visualización da evolución da educación nas diferentes etapas do franquismo.

¡Viva España!

Después de haberse reunido en el
oficio de que al buen Ayuntamiento de
este lugar presidido por el Sr. D. José
de Arca que de hecho se ocultan las
dependencias de la escuela de niñas y se
pretende en la escuela de niñas y
en otras casas destinadas a vivienda
de los consortes que subsisten.

En que por ahora continúa la sala
de niñas becauda de niñas ocupada por
familias del ejército se quiere lo que
allí sea más preciso hasta que este
lugar.

En las dos casas de vivienda es in-
dispensable hacer y reparar las pie-
dras del tejado en forma aceptable y
práctica y las dependencias que las
ocupan, los escombros de maderas, repe-
rar los pisos o pavimentos de arce y
pavimento de piedra del país, paños,
tabiques o divisiones de las depen-
dencias, reparar techos, blanquear
y pintar todo, asegurar y
contener y todo lo demás que se
necesite por el momento, etc.

Como Ayuntamiento que, si le
considera conveniente, sea habilitado
totalmente local, adonde
debe previas las oportunas di-
ligencias, se instale esta escuela
n.º 3, a fin de que la atención
sea lo mejor posible.

Dios guarde a V. S. muchísimos

Betanzos 1.º de junio de 1940

El Alcalde
D. José Arca

al buen Ayuntamiento de este
lugar, la oficina está y está
legal y regular, etc. etc. etc.
esta oficina de donde hay este
edificio y pretendo habitar por
lo que abunda en demencia in-
fancia de sucesos, etc. etc.
y otros sucesos y de su-
cesos sucesos y sucesos tan
respetables para la salud,
el trabajo y el respeto.

Betanzos muchos a V. S.
que sin demora alguna se
realicen tanto en capitales
deficiencias.

Dios guarde a V. S. muchísimos

Betanzos 9 octubre 1939

esta de la Victoria

D. José Arca D. José Arca

Alcalde Presidente del buen Ayuntamiento
Betanzos

¡Viva España!

Estando en la sala de niñas de
esta casa de niñas, etc. etc.
tiempo, etc. etc. etc. etc. etc.
partes y partes, etc. etc. etc.
debe haberse previsto, etc. etc.
de para un habitáculo, etc. etc.
que venga a V. S. y al buen
Ayuntamiento que dignamente se
sabe para que tenga a bien, etc.
debe así, y otras cosas, etc. etc.
cuanto antes, etc. etc. etc.
abrir al que suscribe la escritura
debe poseerla, etc. etc. etc.
sea no haya más cosas, etc. etc.
y legal para este terreno, etc.
Continuando suspenso las obras
de esta oficina, etc. etc. etc.
del año último, por estar el salón
ocupado por las fuerzas militares
aquí desplazadas, también me he

Anexo 3 (esta pág. e a seguinte):
Correspondencia entre os mestres das escolas
San Francisco N.º3 e as autoridades a causa do
mal estado das instalacións escolares e por
mor da ocupación militar da sala de aulas dos
menos, c. 935 Oficios Diversos (A.M.B.)
1939-1945.

Inspección provincial de 1.ª Enseñanza de La Coruña

Excmo. Sr. D. José Arca

Las obras de esta casa de niñas, etc. etc.
debe haberse previsto, etc. etc.
de para un habitáculo, etc. etc.
que venga a V. S. y al buen
Ayuntamiento que dignamente se
sabe para que tenga a bien, etc.
debe así, y otras cosas, etc. etc.
cuanto antes, etc. etc. etc.
abrir al que suscribe la escritura
debe poseerla, etc. etc. etc.
sea no haya más cosas, etc. etc.
y legal para este terreno, etc.
Continuando suspenso las obras
de esta oficina, etc. etc. etc.
del año último, por estar el salón
ocupado por las fuerzas militares
aquí desplazadas, también me he

Fontes

Arquivo Municipal de Betanzos (A.M.B.):

920 Colegio de Huérfanas:

-Explicación de la unión de las Fundaciones para formar el Colegio de Huérfanas.

922 Estadística Escolar:

-Estadística Escolar (1932).

-Estadística Escolar (1936).

935 Oficios diversos:

-Acta de posesión de D^a María de la Concepción Arenas Aller como mestra da escola N^o2 de nenas (1936).

-Carta dos alumnos da escola N^o1 ao alcalde pedindo cartos para un retrato de José Antonio Primo de Rivera (1937).

-Carta da Falange ao concello reclamando o aluguer da escola de Tiobre (1943).

-Carta da Inspección de Primeira Enseñanza ao Reitor da USC (1937).

-Carta da mestra da Piadela ao alcalde (1943).

-Circular Junta de Defensa Nacional dispoñendo orientacións escolares (1937).

-Listado de escolas do Concello de Betanzos (1952).

-Telegrama dando conta da ocupación das escolas N^o1 (1939).

2999 Enseñanza primeira expediente y documentales:

-Acta do Pleno no concello no que se discute o problema do estado do Colegio de Huérfanas (1941).

-Carta do Gobernador Civil ao alcalde ameazando con clausurar varias escolas (1942).

-Carta do Inspector Provincial de Primeira Enseñanza de La Coruña ao alcalde pedíndolle que proceda a reparara as escolas N^o3 (1940).

-Carta da mestra de Tiobre ao alcalde (1946).

-Carta dos mestres consortes de San Francisco N^o3 ao concello pedindo que se realicen reformas na escola (1939).

-Carta dos mestre ao alcalde explicando a resolución da Junta Provincial de Primeira Enseñanza de La Coruña (1942).

-Comunicación de D. Antonio Castro Maseda, mestre das escolas N^o2, á inspectora profesional.

-Expediente instruído en virtude de una moción de la Alcaldía-Presidencia a fin de dar el nombre a varias escuelas de la localidad los sres. Mola Vidal, Primo de Rivera y Clavo Sotelo (1937).

-Informe do aparelador respecto do estado das escolas N^o3 (1941).

-Relación detallada de escolas unitarias e graduadas de construción urxente (1934).

-Resolución referente á nova denominación das escolas N^o1 (1938).

-Sesión no concella para acordar os novos nomes das escolas (1937).

3278 Actas:

-Acta de constitución do Consejo Local de Primeira Enseñanza (1936).

-Carta do Inspector Profesional de Primeira Enseñanza de La Coruña ao alcalde comunicándolle que o mestre das escolas N^o3 pode volver ao seu local (1945).

-Diligencia de cese provisional maestro escuela de niños N^o1 (1936).

-Diligencia de la cesación de D^a Eugenia Soto Menlle del destino de maestra de la escuela nacional de niñas N^o1 (1938).

-Expediente instruído para a constitución do Consejo Local de Primeira Enseñanza (1936).

-Toma de posesión del maestro provincial propietario de la escuela de niños N^o1 (1942).

Bibliografía

- Cámara Villar, G. (1994): *Nacional-Catolismo y Escuela. La socialización política del franquismo. (1936-1951)*. Hesperia, Jaén.
- Costa Rico, A. (2004): *Historia da Educación e da Cultura en Galicia*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- Escolano Benito, A. (2006): «Las culturas escolares en el último medio siglo». En Escolano Benito, A. (Ed.) *Historia Ilustrada de la escuela en España. Dos siglos de perspectiva histórica*. (pp. 267-287). Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Madrid.
- Gervilla Castillo, E. (1990): *La escuela del Nacional-catolicismo. Ideología y educación religiosa*. Impedisur, Granada.
- Grandío Seoane, E. (1995): «Os primeiros meses de guerra. Betanzos, xullo-novembro de 1936». *Anuario Brigantino*, 18, pp.165-174.
- (1998): «Betanzos baixo sospeita: o aparello de vixilancia nos anos da Guerra Civil». *Anuario Brigantino*, 21, pp. 291-298.
- López Bausela, J. R. (2011): *La contrarrevolución pedagógica en el franquismo de guerra. El proyecto político de Pedro Sainz Rodríguez*. Universidad de Cantabria, Santander.
- Máiz Vázquez, B. (2002): «Voces sobre a IIª República, represión franquista e resistencia galega (1931-1954)». *Anuario Brigantino*, 25, pp. 309-326.
- Morente Valero, F. (1997): *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del magisterio nacional. (1936-1943)*. Ámbito, Valladolid.
- Palacio Lis, I. e Cándido Ruiz, R. (1993): *Infancia, pobreza y educación en el primer franquismo*. Universitat de Valencia.
- Peralta Ortiz, M. D. (2012): *La escuela primaria y el magisterio en los comienzos del franquismo*. Universidad Pontificia, Madrid.
- Puelles Benítez, M. de (2010): *Educación e ideología en la España Contemporánea*. Tecnos, Madrid.
- Puelles Benítez, M. (2002): «Evolución de la educación en España durante el Franquismo». En: Tiana Ferrer, A.; Ossenbach Sauter, G.; Sanz Fernández, F. (Eds.) *Historia de la Educación (Edad Contemporánea)*. (pp. 329-349). Universidad Nacional a Distancia, Madrid.
- Torres Regueiro, X. (2006): «1936-1939: As vítimas betanceiras da represión». *Anuario Brigantino*, 29, pp. 273-318.

Agradecementos:

O presente traballo de investigación foi realizado baixo a supervisión do Dr. Vicente Peña Saavedra, ao cal me gustaría expresarlle o máis profundo agradecemento por facer posíbel este estudo e pola súa dedicación e paciencia.

Ao persoal do Arquivo Municipal de Betanzos, que me trataron in mellorabelmente e me facilitaron a consulta da documentación necesaria, axudándome persoalmente a disipar todas as dúbidas que ían xurdindo.

Á miña familia polo seu apoio incondicional.